

# O CASTRO COSTEIRO DE CENTROÑA-PERBES. AS COMUNIDADES MARIÑEIRAS CASTREXAS COMO AXENTE DINAMIZADOR DOS CONCELLOS DE PONTEDEUME E MIÑO.

## ESTUDO HISTÓRICO


**PROMOTOR:**
EXCM. CONCELLO DE MIÑO
EXCM. CONCELLO DE PONTEDEUME

**ARQUEÓLOGO:**
JOAQUÍN
FERRER
CRUZ



Fondos Europeos

**ÍNDICE.**

**FICHA TÉCNICA..... 3**

**1. INTRODUCCIÓN E DOCUMENTACIÓN EMPREGADA..... 4**

**2. LOCALIZACIÓN E EMPRAZAMENTO. O ÁMBITO XEOGRÁFICO..... 8**

**3. MORFOLOXÍA DO XACEMENTO.....17**

*3.1. Descrición das Fichas de Inventario. Ámbito da intervención.*

*3.1.1. Ficha de Inventario do ano 1984*

*3.1.2. Ficha de Inventario do ano 1987*

*3.1.3. Ficha de Inventario do ano 1992*

*3.1.4. Ficha de Inventario do ano 2005*

*3.1.5. Ficha de Inventario do ano 2019*

*3.2. Planeamento urbanístico.*

*3.2.1. Planeamento vixente*

*3.2.1.1. O planeamento vixente no Concello de Miño*

*3.2.1.2. O planeamento vixente no Concello de Pontedeume*

*3.2.2. Planeamento histórico*

*3.2.3. Planeamento subsidiario*

*3.2.3.1. Planeamento subsidiario derrogado*

*3.2.3.2. Planeamento subsidiario vixente. O PBA.*

*3.3. Bibliografía sobre o xacemento.*

*3.3.1. DEL CASTILLO, A. 1972. Inventario de la riqueza monumental y artística de Galicia.*

*3.3.2. Noticiario Arqueológico Hispánico. Tomo II-1953.*

*3.3.3. REY CASTIÑEIRA. Estudio y catalogación de los castros de la provincia de La Coruña. Gallaecia nº 7/8.*

*3.3.4. GOMZÁLEZ FERNÁNDEZ et RICARD GUILLOT. 1994. A ordenación do territorio presente a través da afirmación do espacio pasado. O patrimonio arqueolóxico de Pontedeume. Revista Cátedra, nº 4.*

*3.3.5. SOBRINO CEBALLOS, J. 1997. Ficha de Catálogo de Castros.*

*3.3.6. PREGO FERNÁNDEZ et INFANTE LÓPEZ. O Castro de Centroña / Perbes. "Actualidade e futuro". Revista Cátedra de Estudos Eumeses, 2020.*

*3.3.7. PREGO FERNÁNDEZ et INFANTE LÓPEZ. Memorando: o Castro de Centroña / Perbes.*

*3.4. Rexistros e arquivos. Documentos administrativos.*

*3.4.1. Tumbo do mosteiro de San Juan de Caaveiro*

*3.4.2. Catastro de Ensenada*

*3.5. Fotografía aérea*

*3.5.1. Fotografía aérea 1956-1957 (voo americano)*

*3.5.2. Ortofoto 2002-2003*

*3.5.3. Fotografía PNOA 2004-2007*

*3.5.4. Fotografía PNOA 2008-2009*

*3.5.5. Fotografía PNOA 2010-2011*

*3.5.6. Fotografía PNOA 2004-2014*

*3.5.7. Fotografía PNOA 2004-2020*

*3.5.8. Fotografía PNOA 2004-2023*

*3.6. O levantamento topográfico do ano 2025*
*3.6.1. A morfoloxía do xacemento*

**4. O CASTRO DE CENTROÑA-PERBES E A CIDADE DE ARDÓBRIGA..... 61**
*4.1. Evolución histórica do Castro de Centroña-Perbes*
*4.1.1. A organización territorial dos Ártabros e o Castro de Centroña- Perbes*
*4.1.2. A identificación entre o Castro de Centroña- Perbes e a Cidade de Ardóbriga*

**5. OS MATERIAIS ARQUEOLÓXICOS. O TORQUES DE CENTROÑA..... 66**
*5.1. O achado de materiais arqueolóxicos.*
*5.1.1. Ficha de Inventario do ano 1984.*
*5.1.2. MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO. 1987. Toponimia del Concejo de Pontedeume y Cartas Reales de su Puebla y Alfoz.*
*5.1.3. Ficha de Inventario do ano 2005.*
*5.2. O torques de Centroña.*
*5.2.1. O achado do torques de Centroña.*
*5.2.2. O torques de Centroña. Descrición.*
*5.2.3. O torques de Centroña e os torques ártabros.*

**6. OS XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS DO CONTORNO..... 73**
*6.1. Xacementos arqueolóxicos nas proximidades do Castro de Centroña.Perbes.*
*6.1.1. Castro de Insuas / Castro de Insua / Punta do Coto-GA15069002*
*6.1.1.1. Ficha de Inventario do ano 1984*
*6.1.1.2. Ficha de Inventario do ano 1992*
*6.1.1.3. Ficha de Inventario do ano 2005*
*6.1.1.4. Ficha de Inventario do ano 2005 (bis)*
*6.1.1.5. Ficha de Inventario do ano 2007*
*6.1.1.6. Ficha de Inventario do ano 2019*
*6.1.2. Villa romana de Centroña-GA15069009.*
*6.1.2.1. Ficha de Inventario do ano 1984*
*6.1.2.2. Ficha de Inventario do ano 1992*
*6.1.2.3. Ficha de Inventario do ano 2005*
*6.1.2.4. Ficha de Inventario do ano 2019*

***7*. ACTIVIDADE PESQUEIRA NO CASTRO DE CENTROÑA-PERBES..... 87**
*7.1. A actividade pesqueira no mundo castrexo*
*7.1.1. A explotación do mar no inicio do mundo castrexo*
*7.1.2. A explotación do mar na plenitude do mundo castrexo*
*7.1.3. A explotación do mar no mundo galaico-romano*
*7.2. A actividade pesqueira no Castro de Centroña-Perbes*

**8. O FOLKLORE NO CASTRO DE CENTROÑA-PERBES..... 93**
*8.1. O folklore no Castro de Centroña-Perbes*

**9. BIBLIOGRAFÍA..... 96**

**FICHA TÉCNICA.**

**1.TÍTULO:**

O Castro costeiro de Centroña-Perbes. As Comunidades mariñeiras castrexas como axente dinamizador dos concello de Pontedeume e Miño. Estudo histórico.

**2. PROMOTOR DOS TRABALLOS ARQUEOLÓXICOS:**

Excm. Concello de Miño e Excm. Concello de Pontedeume

**3. REDACCIÓN:**

Joaquín Ferrer Cruz.

Dirección a efectos de notificación: Rúa Alcalde Usero, nº 38, 1º

C.P: 15.403 de Ferrol (A Coruña)

Tlf.: 626.012.9241

Email: ferrerarqueologo@hotmail.com

**4. DATA:** setembro de 2026

Firmado por FERRER CRUZ JOAQUIN CONSTANTINO - ***5943** el día 27/09/2026 con un certificado emitido por AC FNMT Usuarios

Asdo.: Joaquín Ferrer Cruz

## 1. INTRODUCCIÓN E DOCUMENTACIÓN EMPREGADA

Logo de encargado por parte do Excm. Concello de Miño un estudo histórico sobre o Castro de Centroña-Perbes (localizado nos concello de Miño e de Pontedeume), como parte dun proxecto máis amplo, financiado por ditos concellos e con participación dos fondos GALP da Unión Europea: *O Castro Costeiro de Centroña-Perbes. As Comunidades mariñeiras castrexas como axente dinamizador dos concellos de Pontedeume e Miño*, afrontamos a redacción do estudo histórico con numerosas limitacións no referente a documentación existente sobre o xacemento arqueolóxico que, pese a súa monumentalidade e relevancia no territorio non foi, como tantos outros, obxecto de intervencións arqueolóxicas específicas; unicamente podemos sinalar unha intervención no contorno de protección do xacemento (pero fóra do xacemento arqueolóxico delimitado), en relación coa construción dunha vivenda unifamiliar en Sambollo (RAMIL, 2003), con resultados nulos en relación ao castro.

Como resultado da falta de intervencións arqueolóxicas (sondaxes ou escavacións en área) da lugar a un coñecemento escaso sobre a evolución histórica do asentamento, que unicamente podemos superar ao extrapolar a partir da evolución do "mundo castrexo" en termos xerais, e de castros semellantes no Golfo Ártabro, tales como o de Elviña en A Coruña, Tralocastro en Ferrol, o de Borneiro e, aínda que fóra xa do Golfo Ártabro, pero moi próximo a este, o de Sarridal en Cedeira; ou mesmo acudiremos a castros situados lonxe como o Castro de Vigo, pero que presentan unha relación co medio ata certo punto semellante; que polo exposto nas liñas anteriores é o seu carácter costeiro.

En sentido estrito, ademais dalgunhas referencias específicas sobre o xacemento, realizadas algunhas delas por entidades e eruditos locais con elevado rigor, non existen monografías respecto do xacemento que os ocupa; recorremos polo tanto a obras de carácter xenérico que de forma máis ou menos puntual fan referencia ao noso castro; no capítulo de bibliografía as relacionamos.

De interese, como en calquera achega a un xacemento arqueolóxico, son as "fichas de Inventario " dos xacementos arqueolóxicos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (en diante DXPC), datadas en sucesivos anos:

- 1984 (esta ficha carece de autor coñecido), aporta unha descrición moi xenérica do xacemento
- 1987, asinada polos arqueólogos Emilio Ramil González e Víctor Tomñas Botella, incorpora un meticuloso deseño da estrutura do xacemento, de gran utilidade para o coñecemento da súa morfoloxía;
- 1992, asinada polos arqueólogos Manuel Alfonsín Soliño e Vicente Caramés Moreira, aporta un novo deseño do xacemento, no que inclúese unha maior amplitude territorial
- 2016, non corresponde propiamente a unha "ficha de Inventario" da DXPC, senón a unha ficha do Catálogo do PXOM de Pontedeume (X_018), pero polos epígrafes que a compoñen e as características da información aportada poden considerarse, ata certo punto, como semellantes; en

todo caso, ao igual que as da DXPC, trátase dunha ficha de catálogo, se ben neste caso cunha clara vocación urbanística, como pode desprenderse de parte da información que a integra.

- 2019, novamente non é unha das "fichas de Inventario" da D XPC, senón unha ficha resultante dos *traballos de xeolocalización e delimitación dos xacementos arqueolóxicos de Galicia: Lote 06*, promovida pola Xunta de Galicia no ano 2019, que aporta unha nova delimitación do xacemento arqueolóxico e o estado de conservación existente nese momento.

Entre as fichas de inventario de carácter "non oficial", pero non por elo carentes de rigor científico, cómpre salientar a redactada polo investigador Juan Sobrino Ceballos (que nos foi facilitada pola asociación cultural Ardobriga) e a información recompilada por outros estudosos como Xabier Moure e Manuel Gago, en http://onosopatrimonio.blogspot.com/ e http://patrimoniogalego.net/ , respectivamente.

Se ben nas liñas anteriores sinalamos a non existencia de intervencións arqueolóxicas no xacemento, o certo é que si houbo puntuais traballos arqueolóxicos no contorno de protección, aínda que negativos desde o punto de vista dos resultados obtidos, precisamente esa ausencia de datos constitúe un dato en si mesmo. Enumeramos as intervencións arqueolóxicas realizadas no contorno de protección e o arqueólogo director das mesmas.

- Control arqueolóxico das obras dunha vivenda unifamiliar no lugar de Sambollo (Miño), intervención dirixida polo arqueólogo D. Emilio Ramil González, no ano 2003.
- Prospección arqueolóxica a estrada CP-4803. Tramos Perbes- Boebre- Centroña (Miño, A Coruña), intervención dirixida polo arqueólogo D. Juan José Alonso Braña, no ano 2008.
- Control arqueolóxico dos traballos de tala, dirixida pola arqueóloga María Luisa Malizia, no ano 2019.

De interese capital para a descrición da morfoloxía do xacemento, completando as descritivas que deste aportan os deseños incluídos nas nomeadas fichas de inventario, foi o levantamento topográfico promovido polos concellos de Miño e Pontedeume no ano 2025 e executados pola empresa GEOBIM, especial interese presentan as cartografías LYDAR e o *curvado* do terreo, en tanto permiten unha análise do territorio sen o obstáculo da densa vexetación existente.

Precisamente o estado da vexetación constitúe unha dificultade engadida para a redacción do estudo, en tanto priva a este da posible inspección visual que, polas súas limitacións, non vai aportar información sobre a cronoloxía ou evolución do xacemento, pero si podería ser de gran interese para a descrición morfolóxica do mesmo, da que, tal vez, por comparación con outros castros, poderíase formar algunha hipótese de aplicación ao que nos ocupa.

Non podemos esquecer a imprescindible consulta da cartografía e fotografía aérea, histórica e actual, que coa sempre presente limitación da vexetación, permiten reconstruír a evolución do

castro, ou mellor dito, do estado de conservación do castro e do uso do seu territorio desde mediados do pasado século.

Finalmente, tal como exporemos neste documento, a relación do xacemento co medio non é limitada ao seu espazo físico, senón que loxicamente vai presentar un *hinterland*, no que precisamente radica o seu carácter de asentamento costeiro. Non se trata dun espazo definido, delimitado e illado, ao contrario, trátase dun espazo fortemente relacionado co seu entorno e, segundo o momento cronolóxico, con espazos física e culturalmente distantes, no marco dos asentamentos castrexos don Golfo Ártabro, fortemente relacionados co mundo Mediterráneo. Incluímos, polo tanto, unha breve mención a outros xacementos arqueolóxico existentes no contorno inmediato.

Neste estudo, a fin dunha máis doada exposición da información recompilada, aportaremos esta organizada en sucesivos epígrafes, ademais do presente de "introdución e documentación empregadas", "localización e emprazamento. O ámbito xeográfico", "morfoloxía do xacemento", "o Castro de Centroña-Perbes e a Cidade de Ardobriga", "os materiais arqueolóxicos, o *tórques* de Centroña", "os xacementos do contorno", "a explotación pesqueira no Castro de Centroña-Perbes", "o folklore co Castro de Centroña-Perbes" e, finalmente, aportamos un capítulo de "bibliografía", coa empregada na redacción do presente texto.

Neste capítulo preliminar, non podemos non agradecer á Asociación Cultural Ardobriga a axuda e colaboración prestadas en todo momento, facilitándonos toda clase de información de elaboración propia e recompilada doutros estudosos do castro, facilitándoa de modo desinteresado e sempre dispostos a axudar co seu coñecemento do xacemento.

O interese que agora amosa a sociedade por este xacemento é consecuencia dunha longa campaña iniciada polos pioneiros catalogadores independentes Juan Sobrino Ceballos, Xabier Moure e máis o Grupo Arqueolóxico Terra de Trasancos. Logo tamén Ramón Infante e Antón Prego catalizaron o interese por este castro e máis outros bens patrimoniais (toponimia, arquitectura popular, etnografía…), fundando a Asociación Ardóbriga para a protección do patrimonio en outubro do ano 2008.

Desde Ardóbriga iniciaron un proxecto de investigación e divulgación que comeza coa redacción do proxecto de estudo polo arqueólogo Fidel Méndez, continuando con diversos traballos (publicacións, entrevistas en radio e televisión, visitas guiadas…) procurando dar a coñecer o interese deste xacemento e a necesidade de dirixir actuacións co obxectivo da súa conservación e posta en valor. Foi un traballo metódico e paciente de moitos anos no que implicaron á sociedade dos dous concellos e aos seus correspondentes alcaldes e grupos de oposición.

## 2. LOCALIZACIÓN E EMPRAZAMENTO.  O ÁMBITO XEOGRÁFICO

O Castro de Centroña-Perbes (código de identificación GA15069001 da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, en diante DXPC) está situado no límite entre os municipios de Miño e Pontedeume, divide o límite municipal o xacemento en sentido aproximadamente leste a oeste, estendéndose en terras da Parroquia de Santa María de Perbes, no Concello de Miño, e da Parroquia de Centroña, no Concello de Pontedeume; localízase nas proximidades dos núcleos de Sambollo e Castrelo, respectivamente.

O xacemento localízase nas coordenadas UTM, X: 565.165 e Y: 4.805.597 (sistema ETRS89-fuso 29), planimetricamente na folla 0021A-0805 da cartografía 1:5.000 da Xunta de Galicia (malla anterior, 0021-58).




*Localización do Castro de Centroña-Perbes na cartografía 1:5.000 da Xunta de Galicia (folla 0021A-0805)*

Tradicionalmente, os asentamentos castrexos estaban divididos en dúas diferentes categorías, asentamento costeiros e asentamentos de interior; nunha visión ríxida de ambos modelos. Considerados os asentamentos costeiros os situados estritamente na liña de costa, fundamentalmente representados polos situados en puntas mariñas, que servíanse das facilidades defensivas do istmo peninsular, no que situábanse sucesivas liñas defensivas, representadas normalmente por combinacións de foxo-parapeto ou terraplén, podendo responder o parapeto a unha muralla arquitecturizada ou de terra.

Os castros de interior, exemplificábanse neste modelo tradicional, como os asentados fóra da liña de costa e situados en emprazamentos en altura, cunha maior diversidade de solucións que os anteriores, o arquetipo respondía ao emprazamento nun outeiro máis ou menos elevado que aportaba unha mellora nas condicións de defensa, en ocasións preto dun curso fluvial que podería actuar como parte integrante do sistema defensivo. Menos frecuentes os situados en ladeira, en ocasións nas zonas baixas, próximos ás chairas, procurando, non obstante, situarse en puntos lixeiramente elevados (pequenos outeiros nas partes baixas das ladeiras), nelas prima a proximidade das terras de cultivo fronte ás necesidades defensivas, sendo xeralmente considerados como castros dun momento tardío, adscritos ao mundo galaico-romano.

Trátase polo tanto, dunha visión ríxida e que considera unicamente o binomio liña de costa-interior (entendido este como "fóra da liña de costa"); o certo é que existen múltiples posibilidades de asentamento nos castros "do interior", algunhas delas, como os situados en espolóns fortemente definidos, veñen actuar funcionalmente como as puntas mariñas e, o máis importante inconveniente a esta visión tradicional, non se ten en conta a dinámica e funcionalidade do propio castro e a súa relación co territorio que leva á formación dun *hinterland* que, ao noso xuízo, vai definir se estamos ante un castro costeiro ou non, en tanto a costa estea ou non incluída nese espazo.




*Imaxe tomada de Ggoogle Earth. Entre o xacemento (sinalado cun círculo de cor vermella) e a costa a distancia é de 1328 metros.*

O Castro de Centroña-Perbes está situado nun pequeno outeiro no extremo dun espolón a media ladeira, na aba sur, do Monte de Bréamo, a 193,10 msnm. Trátase polo tanto dun modelo de asentamento moi típico dentro do mundo castrexo, en tanto aporta unhas grandes facilidades defensivas, comparables ás propias dos asentamentos en puntas mariñas. No caso que nos ocupa, cunha costa situada exactamente a 1.328 m (medidos en liña recta desde o xacemento) dificilmente podería non considerarse o medio mariño como parte integrada na vida do castro, particularmente nunha costa tan activa durante a Idade Antiga, desde o punto de vista comercial, como o Golfo Ártabro.




*Imaxe tomada de Google Earth. Vista oblicua do emprazamento do castro nun espolón.*

Neste sentido, cómpre salientar no mesmo Golfo Ártabro o Castro de Elviña, situado fóra da liña de costa, pero no que as sucesivas campañas de escavación viñeron a aportar un conxunto de materiais que vincula claramente o xacemento co comercio a longa distancia, co mundo Mediterráneo, polo que o seu carácter de castro costeiro resulta indubidable, en base a súa funcionalidade, na que o medio mariño está claramente vinculado ao xacemento arqueolóxico, pese a non estar este fisicamente na liña de costa.

Fóra do Golfo Ártabro, a gran distancia no sur de Galicia, o Castro de Vigo resulta un novo exemplo, como o de Elviña, dun xacemento asentado fóra da liña costeira, pero con abundantes materiais que o vinculan co comercio mariño e, polo tanto, pode considerarse igualmente un castro costeiro, pese a non situarse fisicamente na ribeira.

Tal como sinalamos, a ausencia de escavacións arqueolóxicas no Castro de Centroña-Perbes impiden coñecer a existencia desas relacións co comercio marítimo e a explotación do mar, tan claras nos exemplos citados; pero tal e como sinalamos no apartado introdutorio, a ausencia de

datos concretos sobre o xacemento unicamente pode ser superada extrapolando os existentes en relación a xacementos semellantes; en todo caso, a proximidade ao mar e o gran dinamismo comercial do Golfo Ártabro parecen apuntar a unha moi clara relación marítima deste xacemento.

Tampouco podemos esquecer na vinculación do xacemento co mar a súa presencia na aba norte do Monte Breamo, próxima á costa e claramente destacado na paisaxe polas súas impoñentes fortificacións, a súa visión desde o mar necesariamente tiña que converterse nun punto focal e de referencia para os navegantes; tal como veremos en seguintes epígrafes, esta posición de visibilidade e mesmo de dominio sobre a lámina de auga do Golfo Ártabro constitúe unha das razóns pola que algúns estudios o consideran como a Cidade de Ardobriga (MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, 1987).




*Imaxe tomada de Google Earth. Vista do xacemento desde Ares.*




*Imaxe tomada de google Earth.  Vista do xacemento desde Redes.*




*Imaxe tomada de Google Earth.  Vista xeral do xacemento desde o mar (Golfo Ártabro).*




*Imaxe tomada de Google Earth.  Vista detalle do xacemento desde o mar (Golfo Ártabro).*



*Vista aérea do xacemento, a croa do castro en primeiro plano (resaltada por un círculo de cor vermella), pode apreciarse a Ría de Ares ao fondo da imaxe, nunha clara relación visual entre o xacemento e o mar.*




*Conxunto de vistas do Castro de Centroña-Perbes dese A Insua (Boebre), Fiobre (Begonde), Perbes Redes e Sada. Imaxes tomadas de REGO FERNÁNDEZ et INFANTE LÓPEZ, 2020).*




*Tres vistas desde o Castro de Centroña-Perbes.  .  Imaxes tomadas de REGO FERNÁNDEZ et INFANTE LÓPEZ, 2020).*

# 3. MORFOLOXÍA DO XACEMENTO

Deseguido pasamos a describir a morfoloxía do xacemento, tomadas tanto da inspección visual do xacemento, moi limitada polo estado da vexetación, como das Fichas de Inventario da DXPC, en tanto estas últimas, redactadas ao longo dun período de corenta e dous anos (entre 1984 e 2019) van aportar unha visión do xacemento nun momento no que as condicións da vexetación, sen resultar ser as ideais, eran notablemente mellores que as actuais. Tamén imos empregar a información xunta nos documentos de planeamento urbanístico, se ben a información aportada resulta, cando menos en parte, unha reiteración da xunta nas nomeadas Fichas de Inventario, aínda así, consideramos de interese incluílas neste documento.

Non obstante, o interese que as nomeadas fichas teñen para o coñecemento da morfoloxía do Castro de Centroña-Perbes, resulta fundamental para este capítulo do estudo o levantamento topográfico (cartografía LYDAR), elaborada pola Sociedade GEOBIM no ano 2025; así como a revisión da fotografía aérea actual e histórica, se ben os datos que podemos extraer desta teñen máis relación co estado de conservación do xacemento e o uso / explotación dado ao territorio do castro ao longo das últimas décadas. Complementamos a descrición con datos bibliográficos, cómpre sinalar que estes son moi xenéricos, tomados de obras xerais e os completamos coa información aportada por estudos monográficos realizados pola asociación cultural Sociedade Ardobriga, así como pola información existente nas páxinas http://onosopatrimonio.blogspot.com/ e http://patrimoniogalego.net/ , respectivamente Xabier Moure e Manuel Gago.

De cara a unha máis doada exposición dos datos, organizamos estes en sucesivos apartados, en función da fonte da que foi tirada a información exposta.

### 3.1. AS DESCRICIÓNS DAS FICHAS DE INVENTARIO

Pasamos a transcribir as descricións existentes en cada unha das Fichas de Inventario da DXPC, puntualmente, incluímos anotacións realizadas en función dalgún dos aspectos da descrición.

#### 3.1.1. Ficha de Inventario do ano 1984

A máis antiga das Fichas de Inventario da DXPC relativa a este xacemento, carecemos de datos que permitan a identificación do arqueólogo redactor. Transcribimos deseguido a descrición:

> *Situado en mitad de la falda del Breamo, cerca de la pista que, en la Granxa (restaurante de la Ría) parte de la carretera de Pontedeume a Miño, por la costa, en el lugar de Castrelo.*
> *Cercado por tres murallas y sus correspondientes recintos. Se halla bastante bien conservado, pese a la maleza y a algunos actos de vandalismo, que han*

> *tenido lugar el pasado año* [refírese ao ano 1983], *destruyendo parte de los parapetos* [carecemos de datos para poder determinar os parapetos afectados e o grao da alteración causada].

### 3.1.2. Ficha de Inventario do ano 1987

Ficha de Inventario redactada polos arqueólogos Emilio Ramil González y Víctor Tomás Botella; identifica o xacemento coas denominación de Os Castros / Castro de Centroña e incorpora un detallado deseño do xacemento. Transcribimos deseguido a descrición:

> *É un xacemento castrexo, constituído por un recinto principal central, de forma subcircular, e un extenso antecastro adosado que arrodéalo de O. a E., tendo un complexo sistema defensivo. O recinto principal está arrodeado en todo o seu perímetro por muralla, que no o. e S. chega a unha outura de 4 m polo exterior. Por este sector de lle adosa un parapeto máis exterior en dirección O.-E. que no seu tramo final convírtese nun terraplén formando unha terraza interior. Na metade do seu recorrido un parapeto xurde del en dirección N.-S. de pouca lonxitude. NO S., e tamén do recinto principal, sae outro parapeto paralelo ó primeiro e que crea un pequeno foso entre ambolosdous.*
> *Todo este conxunto, a pesares de que o aspecto actual non permita comprobalo, semella estar en relación coa defensa dunha entrada.*
> *O antecastro, moi alterado por nivelacións que o aterrazaron, cubre unha gran extensión e no seu cabo O. ensánchase como facendo un torreón. Hoxe, temos que supor por traballos modernos, ten, agás no E. onde xurde, estructura de terraplén.*

Sinálase nesta mesma ficha, no apartado "observación",

> *(…) abondosas extraccións de pedra que pódense observar, confirmadas por testemuñas de vecinos, sobor de todo na muralla do recinto principal, con aparición de grandes furados que o denuncian, salientando o situado no Sul* [tal vez corresponda ás destrucións sinaladas na Ficha de Inventario do ano 1984]*. Estas extraccións deixan moreas de terra que dificultan a visión de estructuras defensivas, polo seu parecido a pequenos parapetos.*

A presencia dos amoreamentos de terra sinalados, particularmente tendo en conta os trinta e nove anos transcorridos desde a redacción da ficha, resultan un serio problema á hora de definir a estrutura defensiva do xacemento, dado resulta complicada a distinción dos escombros resultantes do espolio do xacemento, particularmente, dadas as condicións de vexetación existentes.




Deseño do xacemento (RAMIL GLEZ. et TOMÁS BOTELLA, 1987).



Vista do parapeto da croa desde o antecastro (RAMIL GLEZ. et TOMÁS BOTELLA, 1987).

### 3.1.3. Ficha de Inventario do ano 1992

Ficha de Inventario redactada polos arqueólogos Manuel Alfonsín Soliño e Vicente Caramés Moreira; identifica o xacemento coa denominación Castro de Centroña / Os Castros e incorpora un deseño do xacemento que, en parte, discrepa do elaborado por RAMIL GLEZ. e TOMÁS BOTELLA (1987). Transcribimos deseguido a descrición:

> *O castro ten unha forma irregular e un complexo sistema defensivo. Consta de un recinto principal rodeado en todo-lo seu perímetro por unha muralla e parapeto defensivo de gran altura, un antecastro de grandes proporcións ao O., e un sistema de parapetos defensivos en fosos no lado SL. Do recinto principal que o aillan da zona de mellor acceso ao castro. Poida que tivese unha entrada no lado S., aínda que é alí onde a pista alterou máis as estructuras do castro.*
>
> *O recinto principal ten unhas dimensións de 100 m. no eixe N.-S. E 75 m. no eixe L.-O. E está rodeado por unha muralla ou parapeto defensivo de 3 m de alto ó L. E 0,50 ó O. Cara ó Interior e 5 m. ó L. E 3 m. ó O. Cara ó exterior. O S. deste recinto poidera haber unha entrada.*

*O lado O. do castro, fora do recinto principal se extende unha ampla terraza rodeada por unha muralla que poidera ser un antecastro. Ten unha anchura máxima de uns 43m. e unha altura media de uns 3m. ou 4m. sobre os cultivos que rodeal ó castro por ese lado.*

*Polo lado S. do castro temos unha muralla ou parapeto defensivo que parece arrancar de xeito perpendicular á muralla do recinto principal. Neste punto, xunto ca muralla do antecastro, podemos situa-la entrada ó castro,*

*No lado L. e especialmente SL. o recinto principal antepón un complexo sistema defensivo, a base de parapetos e fosos continuados, que defenden o acceso natural mais doado ó castro. A uns 20 m. do recinto principal temos un primer parapeto defensivo de 0,50 m. de outo cara ó interior e 3 m. cara ó exterior, formando ó mesmo tempo unha pequena terraza cara ó recinto principal do castro. A uns l5 m. temos un segundo parapeto defensivo de uns 2 m, cara ó castro e l'50 m. cara ó exterior. Entre este e o parapeto defensivo anterior temos un foso coas dimensións reseñadas para os parapetos anteriores. Uns 18 m. mais adiante temos outro parapeto defensivo de 1'50 m. cara ó interior e 1'50 m. cara ó exterior de altura media e que linda cos cultivos que rodean ó castro. Entre este terraza e a anterior temos un segundo foso, pouco perceptible por estar colmatado.*

Sinálase nesta mesma ficha, no apartado "destrucións e alteracións",

*O castro conserva bastante ben as súas estructuras defensivas, nembargantes ten algunhas agresións de importancia. No lado SO. do castro e no lado S. unha pista de terra desmontou parte do parapeto defensivo e muralla do recinto principal e seccionou dous tramos de muralla, perpendiculares a muralla do recinto principal. Ademais o castro se atopa cheo de maleza e con gran cantidade de árboles no interior de recinto e na parte L. No lado O. e noutros que rodean ó castro se atopan gran cantidade de* [texto cortado]

Posiblemente, as destrucións referidas ao sistema defensivo correspondan ás detectadas nas fichas de inventario do ano 1984 e do ano 1987.



Deseño do xacemento (ALFONSÍN SOLIÑO et CARAMÉS MOREIRA, 1992).




*Seccións do xacemento (ALFONSÍN SOLIÑO et CARAMÉS MOREIRA, 1992).*



*Vista do sistema defensivo da parte nordés (ALFONSÍN SOLIÑO et CARAMÉS MOREIRA, 1992).*





*Vista xeral e de detalle do parapeto oeste do recinto principal (ALFONSÍN SOLIÑO et CARAMÉS MOREIRA, 1992).*

### 3.1.4. Ficha de Inventario do ano 2005

Recolle o xacemento coa denominación de Castro de Centroña / Os Castros. Esta ficha foi elaborada no contexto dos traballos de redacción do PXOM do Concello de Pontedeume, baixo a dirección do arqueólogo Alberte Reboreda. Dado o obxecto da súa elaboración, inclúe unha delimitación planimétrica do xacemento e unha proposta de contorno de protección, en ambos casos limitada ao termo municipal de Pontedeume. O contido descritivo da ficha baséase na anterior Ficha de Inventario (ALFONSÍN SOLIÑO et CARAMÉS MOREIRA, 1992), incorporando os mesmos deseños de planta e sección. Transcribimos deseguido a descrición:

> *El castro tiene una forma irregular y un complejo sistema defensivo. Consta de un recinto principal rodeado en todo su perímetro por una muralla y parapeto defensivo de gran altura, un antecastro de grandes proporciones al W y un sistema de parapetos defensivos y fosos en el lado SE del recinto principal, que lo aíslan de la zona de mejor acceso al castro. Puede que tuviese una entrada en el lado S, aunque es allí donde la pista alteró más las estructuras del castro.*
>
> *El recinto principal tiene unas dimensiones de 100 m en el eje N-S y 75 m en el eje E-W y está rodeado por una muralla o parapeto defensivo de 3 m de alto al E y 0,50 al W hacia el interior y 5 m al E y 3 m al W hacia el exterior. Al S de este recinto pudiera haber una entrada.*
>
> *Al lado W del castro, fuera del recinto principal se extiende una amplia terraza rodeada por una muralla que pudiera ser un antecastro. Tiene una anchura máxima de unos 43 m y una altura media de unos 3 m o 4 m sobre los cultivos que rodean al castro por ese lado.*
>
> *Por el lado S del castro tenemos una muralla o parapeto defensivo que parece arrancar de forma perpendicular al parapeto de la muralla del recinto principal. En este punto, junto con la muralla del antecastro, podemos situar la entrada al castro.*
>
> *En los lados E y SE el recinto principal antepone un complejo sistema defensivo a base de parapetos y fosos continuados, que defienden el acceso natural más fácil al castro. A unos 20 m del recinto principal tenemos un primer parapeto de 0,50 m de alto hacia el interior y 3 m hacia el exterior, formando al mismo tiempo una pequeña terraza hacia el recinto principal del castro. A unos 15 m tenemos un segundo parapeto defensivo de unos 2 m*

*hacia el castro y 1,50 m hacia el exterior. Pasado este parapeto defensivo se localiza un foso con las dimensiones reseñadas para los parapetos anteriores. Unos 18 m más adelante tenemos otro parapeto defensivo de 1,5 m hacia el interior y 1,5 m hacia el exterior de altura media, que linda con los cultivos que rodean al castro. Entre esta terraza y la anterior tenemos un segundo foso, poco perceptible por estar colmatado.*

Reitérase nesta mesma ficha, no apartado "destrucións e alteracións", a información contida na Ficha de Inventario do ano 1992 (ALFONSÍN SOLIÑO et CARAMÉS MOREIRA, 1992),

*El castro conserva bastante bien sus estructuras defensivas, aunque presenta algunas agresiones de importancia. En el lado SW del castro y en el lado S, una pista de tierra desmontó parte del parapeto defensivo y muralla del recinto principal, seccionando dos tramos de la muralla perpendiculares a la muralla del recinto principal. El castro se encuentra lleno de maleza y con gran cantidad de árboles en el interior del recinto y en la parte E. En el lado W y en otras zonas que rodean el castro se localizan gran cantidad de cultivos agrícolas.*




*Seccións do xacemento, de autor anónimo, reproduce a Ficha de Inventario do ano 1992 (ALFONSÍN SOLIÑO et CARAMÉS MOREIRA).*




*Deseño do xacemento, de autor anónimo, reproduce a Ficha de Inventario do ano 1992 (ALFONSÍN SOLIÑO et CARAMÉS MOREIRA).*

Tal e como sinalamos nas liñas anteriores, dado que a redacción desta Ficha de Inventario deriva da elaboración do PXOM de Pontedeume, inclúe unha proposta de delimitación arqueolóxica para o xacemento, que incorporamos deseguido, limitada ao territorio municipal deste concello.




*Folla 0021-58 (equivalente á folla 0021-0805 da malla actual) da Cartografía 1:5.000 da Xunta de Galicia.*
*Pode apreciarse a delimitación do xacemento no territorio do Concello de Pontedeume e o contorno de protección.*




*Detalle da Folla 0021-58 (equivalente á folla 0021-0805 da malla actual) da Cartografía 1:5.000 da Xunta de Galicia.  Pode apreciarse a delimitación do xacemento no territorio do Concello de Pontedeume e o contorno de protección.*



*Imaxe tomada da Ficha de Inventario do ano 2005 (autor descoñecido).  Vista do antecastro.*

### 3.1.5. Ficha de Inventario do ano 2019

Non corresponde a presente, en sentido estrito, a unha Ficha de Inventario segundo o modelo normativo da DXPC, ao tratarse da ficha correspondente aos *traballos de xeolocalización e delimitación dos xacementos arqueolóxicos de Galicia*, elaborada no ano 2019 e redactada polo arqueólogo Enrique Álvarez Veira, recollendo o xacemento coa denominación de Castro de Centroña. Transcribimos deseguido a descrición:

> *Asentamento castrexo formado por un recinto principal duns 100x75m (N-S/L-W), rodeado en todo o seu perímetro por unha muralla e parapeto (de 3 a 5 m de altura ó exterior), un gran antecastro ó W, e unha sucesion de parapetos e foxos ó SL.*

Xúntase neste documento unha proposta de delimitación do xacemento arqueolóxico, *grafada sobre fotografía aérea.* Xuntámola deseguido,






*Dúas vistas do sistema defensivo do xacemento (ÁLVAREZ VEIRA, 2019).*





*Dúas vistas de detalle do xacemento (ÁLVAREZ VEIRA, 2019).*

### 3.2. O PLANEAMENTO URBANÍSTICO

Tal como sinalamos na introdución deste capítulo, as figuras de planeamento urbanístico inclúen, por norma xeral, catálogos de bens do patrimonio cultural que aportan información relativa aos xacementos arqueolóxicos, entre outros bens do patrimonio cultural.

No caso que nos ocupa, os Concellos de Miño e Pontedeume dispoñen de PXOM aprobados respectivamente nos anos 2002 e 2016, existindo outras figuras de planeamento de data anterior, estando estes concellos recollidos nas derrogadas NNSSP e no vixente PBA, en ambos casos con carácter subsidiario e complementario.

Non obstante o anterior, a información que podemos obter destes documentos é moi limitada, no caso das figuras de planeamento históricas e subsidiarias non incluían catálogos elaborados, senón, no mellor dos casos, unha breve, e polo xeral incompleta, relación de bens do patrimonio cultural existentes nos municipais. No referente aos planeamentos vixentes, resultan moi variables no referente a información que aportan, en todo caso están a recoller, en liñas xerais, a mesma información que as Fichas de Inventario da DXPC, particularmente a Ficha de Inventario do ano 2005 xerada en relación aos traballos arqueolóxicos derivados da redacción do PXOM de Pontedeume (aprobación definitiva de 27/05/2016).

Pasamos a expoñer a información derivada das figuras de planeamento urbanístico, organizamos esta en tres apartados: planeamento vixente, planeamento histórico e planeamento subsidiario.

#### 3.2.1. Planeamento vixente

Tanto o concello de Miño como o de Pontedeume dispoñen de PXOM aprobados definitivamente e actualmente en vigor; non obstante, as datas de aprobación son moi dispares, no caso do Concello de Miño foi aprobado no ano 2002, no caso do Concello de Pontedeume no ano 2016, do que deriva un diferente tratamento dos bens do patrimonio cultural, entre os que se contan os xacementos arqueolóxicos.

##### 3.2.1.1. O planeamento vixente no Concello de Miño

Tal como foio sinalado anteriormente, no Concello de Miño está en vigor o PXOM aprobado definitivamente o 8/08/2002; non obstante, non existe Catálogo do Patrimonio Cultural (segundo consta na plataforma de planeamento urbanístico da Xunta de Galicia-SIOTUGA). A partires deste documento non pode obterse información algunha relativa a este xacemento.

### 3.2.1.2. O planeamento vixente no Concello de Pontedeume

O Concello de Pontedeume ten en vigor o PXOM aprobado definitivamente o 27/05/2016, contando cun Catálogo do Patrimonio Cultural no que están incluídos os xacementos arqueolóxicos.

En relación ao Castro de Centroña / Perbes, está recollido no nomeado Catálogo coa denominación de Castro de Centroña / Os Castros e o código de identificación X_018. Ademais de diversa información de carácter urbanístico, irrelevante para o tema que nos ocupa, inclúese unha descrición do xacemento que incorporamos deseguido:

> *Situado entre as parroquias de Centroña (Pondedeume) e Vilanova (Miño), o castro presenta unha forma irregular e un complexo sistema defensivo. Consta dun recinto principal rodeado en todo o seu perímetro por unha muralla e parapeto defensivo de gran altura, un antecastro de grandes proporcións ao W e un sistema de parapetos defensivos e foxos no lado SE do recinto principal, que o illan da zona de mellor acceso ao castro. Pode que tivese unha entrada no lado S, anque é alí onde a pista alterou máis as estruturas do castro.*
>
> *O recinto principal tren unhas dimensións de 100 m no eixe N-S e 75 m no eixe E-W e está rodeado por unha muralla ou parapeto defensivo de 3 m de alto ao E e 0,50 ao W cara ao interior e 5m ao E e 3 m ao W cara ao exterior. NO S deste recinto puidera haber unha entrada.*
>
> *Ao lado W do castro, fóra do recinto principal esténdese unha ampla terraza rodeada por unha muralla que puidera ser un antecastro. Ten unha anchura duns 43 m e unha altura de 3 m ou 4 m sobre os cultivos que rodean o castro por ese lado.*
>
> *Pólo lado S do castro temos unha muralla ou parapeto defensivo que parece arrancar de forma perpendicular ao parapeto da muralla do recinto principal.*
>
> *Nos lados E e SE o recinto principal antepón un complexo sistema defensivo a base de parapetos e fosos continuados que defenden o acceso natural máis fácil do castro. A uns 15 m temos un segundo parapeto defensivo duns 2 m cara ao castro 1,50 cara o exterior. Pasado este parapeto defensivo localízase un foso coas dimensións sinaladas para os parapetos anteriores. Uns 18 m máis adiante temos outro parapeto defensivo de 1,5*

*m cara ao interior e 1,5 m cara o exterior de altura media, que linda cos cultivos que rodean o castro. Entre esta terraza e a anterior temos un segundo foso, pouco perceptible por estar colmatado.*

**3.2.2. Planeamento histórico**

Con independencia dos PXOM vixentes nos concello de Miño e Pontedeume, ambos dispuxeron de anteriores normas de planeamento urbanístico; non obstante, ningunha delas aporta información relativa ao xacemento, conforme á consulta realizada na plataforma de planeamento urbanístico da Xunta de Galicia (SIOTUGA). En todo caso, as nomeamos deseguido a fin de deixar constancia da súa existencia:

- Plan Xeral de Ordenación Urbana de Miño, aprobado definitivamente o 16/06/1975
- Normas Subsidiarias de Planeamento de Miño, aprobadas definitivamente o 15/11/1994
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Pontedeume, aprobación definitiva de 18/06/1975
- Normas Subsidiarias de Planeamento de Pontedeume, aprobación definitiva de 12/06/1986

**3.2.3. Planeamento subsidiario**

Con independencia das figuras específicas do planeamento dos concellos de Miño e Pontedeume (os PXOM, respectivos), existen figuras de planeamento subsidiario e complementario, trátase das NNSSPP (actualmente derrogadas) e o PBA, en vigor a actualización de data 01/01/2026), en ambos recóllese o xacemento de Centroña-Perbes.

**3.2.3.1. Planeamento subsidiario derrogado. As NNSSPP.**

AS NNSSPP foron aprobadas de forma definitiva por resolución de 14 de maio de 1991 pola que se ordena a publicación das normas complementarias e subsidiarias de planeamento da provincias de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, sendo derrogadas coa entrada en vigor do PBA (Decreto 83/2018); no obstante o anterior, en aplicación do art. 31.4 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, a derrogación dunha figura de planeamento urbanístico, non supón a exclusión do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia daqueles bens incluídos conforme ao art 30 da dita Lei; polo que se ben as nomeadas NNSSPP están derrogadas, non o está o seu Catálogo.

En relación ao Castro de Centroña-Perbes o Catálogo das NNSSPP limitábase a súa cita, dentro da enumeración de bens do patrimonio cultural do Concello de Pontedeume, coa denominación de "Castro de Centroña"; non faise ningunha referencia a extensión do xacemento dentro do Concello de Miño.



NORMAS COMPLEMENTARIAS E SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO PROVINCIAL / ANEXO 3 — INVENTARIO PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTISTICO POR CONCELLOS

CONCELLO DE PONTEDEUME
Denominación — Parroquia/Lugar

ARQUEOLOXÍA:

CASTREXO

Castro de Centroña..... Breamo
Casa de Centiriña..... Bramo
Castro das Insuas..... Punta Carbocira

ARTE:

ARQUITECTURA RELIXIOSA

Convento dos agustinos..... Praza do Coovento
Igrexa de San Martiño..... Andrade
Igrexa de Sta. María..... Breamo
Igrexa de Sta. María..... Centroña
Igrexa de Sta. María..... Nogueirosa
Igrexa de Santiago..... Pontedeume

ARQUITECTURA CIVIL

CASAS E PAZOS

Cátedra da Latinidade..... Pontedeume
Casa do arcebispo Raxoi..... Pontedeume
Varias casas con escudo..... Pontedeume

FONTES

Fonte de Pontedeume..... Pontedeume

PONTES

Ponte dos Andrade..... Pontedeume
Ponte do ferrocarril..... Pontedeume
Ponte de Pontedeume..... Pontedeume

ARQUITECTURA MILITAR E DEFENSIVA

Torre dos Andrades..... Pontedeume
Castelo da Nogueirosa..... Nogueirosa

ETNOGRAFÍA:

CRUCEIROS E PETOS DE ÁNIMAS

Cruceiro..... Andrade
Cruceiro..... Campolongo
Cruceiro..... Centroña
Cruceiro..... Boebre
Cruceiro..... Ombre
Cruceiro..... Pontedeume

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ
Denominación — Parroquia/Lugar

ARQUEOLOXÍA:

MÁMOAS E DÓLMENES

Túmulo circular..... A Mourela
Túmulo circular dolménico..... A Mourela
Túmulo circular megalítico..... A Mourela
Mámoa pequena..... A Mourela
Mámoa de Marraxón..... Marraxón
Mámoa de Vilavella..... Vilavella
Mámoa de Porto Roibo..... Porto Roibo
Mámoa dos Mouros..... As Pontes

BRONCE

Cista de Vilavella..... Veiga de Vilavella

CASTREXO

Castro de Uz..... Vilavella
Castro de Ribadeume..... Ribadeume
Castro de Seoane..... Seixo

ARTE:

ARQUITECTURA RELIXIOSA

Ermida da Sta. do Carballo..... Aparral
Ermida de Santo Antón..... Devesos
Ermida de San Vicente..... Pontoibo
Ermida de Santalla de Porto Roibo..... As Pontes
Ermida dos Remedios..... Marraxón
Ermida da Madalena..... As Pontes
Igrexa de San Mamede..... As Pontes
Ermida do Carme..... As Pontes
Igrexa de Sta. María..... Vilavella
Ermida de Santalla..... Espiñaredo

ARQUITECTURA CIVIL

EDIFICIOS PÚBLICOS

Concello das Pontes..... As Pontes

PONTES

Ponte de García Rodríguez..... As Pontes
Ponte de Isabel II..... As Pontes
Ponte de Tras da Ponte..... As Pontes

ARQUITECTURA MILITAR E DEFENSIVA

Castelo de García Rodríguez..... As Pontes



NORMAS COMPLEMENTARIAS E SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO PROVINCIAL / ANEXO 3

CONCELLO DE PONTEDEUME
Denominación — Parroquia/Lugar

ARQUEOLOXÍA:

CASTREXO

Castro de Centroña..... Breamo
Casa de Centiriña..... Bramo
Castro das Insuas..... Punta Carbocira

### 3.2.3.2. Planeamento subsidiario vixente. O PBA.

Derrogadas as NNSSPP, foi aprobado o PBA polo Decreto 83/2018 de (DOGA de 27/08/2028), actualizado por resolución da Dirección Xeral de Urbanismo en data 01/01/2026 (DOGA 17/06/2026).

O PBA recolle o Castro de Centroña-Perbes coa denominación de Castro de Centroña, localizándoo no lugar de Castrelo, Parroquia de Santa María de Centroña, no Concello de Pontedeume, asinándolle a ficha 15069_Pontdeume_3677.

Os únicos datos que aporta sobre o xacemento, ademais da súa localización territorial (lugar, parroquia e concello), son as coordenadas UTM, o código de identificación asignado pola DXPC e o carácter arqueolóxico (ARQ) do ben catalogado. Non inclúe ningunha clase de descrición do xacementos arqueolóxico.

## 3.3. A BIBLIOGRAFÍA SOBRE O XACEMENTO

Tal como sinalamos na introdución deste capítulo, existen algunhas referencias bibliográficas sobre o xacemento, polo xeral trátase de apuntes moi breves e xenéricos sobre o asentamento, contidos en obras de carácter xeral, cun marco territorial amplo que dificulta o estudo en detalle.

Pasamos a transcribir as descricións existentes en cada unha das notas bibliográficas localizadas, puntualmente, incluímos anotacións realizadas en función dalgún dos aspectos da descrición.

**3.3.1. DEL CASTILLO, A. 1972. Inventario de la riqueza monumental y artística de Galicia.** Transcribimos a información que sobre o Castro de Centoña-Perbes figura nesta obra que dado o seu carácter xeral, non pode por menos que ser xenérica no tratamento de cada unha das entradas. Cómpre sinalar que a información correspondente ao Castro de Centroña-Perbes non corresponde a un epígrafe específico, senón que está incluído no epígrafe relativo á *villae* de Centroña. Reproducimos unicamente a información relativa ao castro; no capítulo dedicado a outros xacementos do contorno inmediato daremos conta da información relativa á *villae*.

> *(...)*
> *En la misma parroquia se conserva un interesante castro, al que se llama "de Centroña", cerca del cul se halló hace añosun interesantes torques de oro, que publicó don Manuel Murguía en el num. 66 del Boletín de la R.A.G., en noviembre de 1912.*
> *Buena vista sobre la hermosa ría de Ares, y Puentedeume.*
> *(...)*

**3.3.2. Noticiario Arqueológico Hispánico. Tomo II-1953.**

Consta a existencia no Tomo II desta publicación dun breve artigo sobre o Castro de Centroña-Perbes; non obstante, os intentos para consultar este foron negativos, estando desaparecido mesmo da Biblioteca do Ministerio de Cultural (herdeiro da Comisaría General de Excavaciones, órgano que asumía esta publicación); igualmente, descoñecemos o autor do nomeado artigo, así como o aspecto tratado.

**3.3.3. REY CASTIÑEIRAS. "Estudio y catalogación de los castros de la provincia de La Coruña". *Gallaecia*, nº 7/8**

Catalogación de carácter xenérico que abrangue a totalidade da Provincia de A Coruña, foi publicada no ano 1984. A catalogación foi realizada en base á revisión da toponimia, tanto xeral como de detalle, a través dos mapas do Instituto Geográfico y Catastral-Edición Militar (ano 1944, escala 1/5.000) e os índices de rexistro de propiedade municipal, que conservan topónimos que xa non figuran na toponimia maior, así como da revisión bibliográfica.

Partindo da información recompilada polos medios anteriores, foi realizada unha prospección arqueolóxica de parte do territorio estudado, desgraciadamente, os concellos de Miño e Pontedeume non foron obxecto de prospección en campo. Cómpre salientar que o xacemento está recollido no

termo municipal de Pontedeume, coa denominación de "Castro de Controña", non facéndose mención ao topónimo "Os Castros".

Os datos que transcribimos deseguido responden, polo tanto, ao resultado dos traballos de gabinete realizados,

> *"Castro de Controña* [Centroña]*"*
> *43º 24´ 35´´N. 4º 30´25´´ W. Cota 198. Hoja nº 21*
> *Lugar: Cstrelo. Parroquia: Staª Mª de Centroña.*
> *Acceso: Carretera de Pondesdeume* [Pontedeume] *a Andahio. Km 2-3º local a Castrelo.*
> *Bibliografía: J.Mª LUENGO MARTÍNEZ. "Las excavaciones de la villa romana de Centroña (La Coruña) C.E.G. XVII. 1962. Fasc. 51, p 5. A. DEL CASTILLO " Inventario…", op. Cit.., 126. Prospectado por E. Monteagudo García.*

**3.3.4. GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, A et RICARD GUILLOT. 1994. A ordenación do territorio presente a través da afirmación do espacio pasado. O patrimonio arqueolóxico en Pontedeume. Revista Cátedra nº 4.**

Transcribimos a información xunta sobre o noso castro,

> *Situado no cumio dun monte de pouca altura, consta dun recinto principal amurallado rodeado a súa vez por un antecastro no lado norte e oeste. No seu lado leste posúe un sistema de defensa formado por tres murallas e foxos. Nos lados sur e norte varios lenzos de murallas de escasa lonxitude prolónganse cara aos espazos aterrazados. Rodeando o xacemento áchase un importante sistema de terrazas que poderían relacionarse co propio asentamento castrexo.*

**3.3.5. SOBRINO CEBALLOS, J. Ficha de Catálogo de Castros. Inédito.**

Documento inédito asinado no ano 1997, corresponde a unha descrición sistemática do xacemento arqueolóxico segundo o modelo de "ficha de catalogación" empregado no seu traballo por Romero Masia e que Sobrino Ceballos adopta.

Polo formato dado á información compilada, que adopta a forma dunha ficha, tal vez debería este epígrafe non figurar no presente, senón no anterior; non obstante, o carácter "non oficial" lévanos incluíla entre as producións bibliográficas.

O autor identifica o xacemento co topónimo composto de Os Castros-Castro de Centroña. Reproducimos información xunta na ficha nomeada, e que tomamos de PREGO FERNÁNDEZ, A et INFANTE LÓPEZ (2020).

> *Preto da teórica entrada hai restos do que puidera ser unha rampla de acceso ao recinto, que atravesaría o antecastro polo seu lado W.*
> *Hai zonas nas que se poden apreciar muros, con pedra (non labrada). De pequenas dimensións.*
> *O ancho das defensas oscila ente os 2 e 3 m.*
> *A conservación d o xacemento é aceptable, a no ser por unha especie de canteiras que hai no seu interior (croa) e o antecastro do lado W. (...)a prolongacion do muro está cotada polo camiño que bordea o castro até sair polo antecastro do W. Oódense ver aínda no corte do terreo pedra posiblemente da muralla,*
> *As defensas dos lados L S son as máis potentes.*
> *Nunha das canteiras pegadas ao muro antes citado, pódense apreciar restos de edificacións, todo mi desfeito.*
> *O ancho oscila de 4 a 6 m.*
> *Aínda se poden observar restos de muro*.

**3.3.6. PREGO FERNÁNDEZ, A et INFANTE LÓPEZ. O Castro de Centroña / Perbes. "Actualidade e futuro". *Revista Catedra de Estudo Eumeses, 2020.***

Se ben en sentido estrito este apartado debería estar incluído no anterior de referencias bibliográficas, o certo é que concorren unha serie de circunstancias que nos levan a individualizar esta información; por unha banda debemos ter en conta que trátase dun documento monográfico sobre o Castro de Centroña-Perbes, o primeiro publicado ata a data, e, por outra banda, que foi redactado por unha sociedade cultural local, a Sociedade Ardobriga, dada a non existencia de estudos monográficos sobre o xacemento. Reproducimos de modo literal os contidos referidos á morfoloxía do xacemento,

> *Ten forma irregular e consta dun recinto principal ou croa duns 100 m no seu eixe norte-sur e 80 m no leste-oeste rodeada por todo o seu perímetro por unha muralla-parapeto que chega a ter ata 3 m de altura polo interior e*

*5 m polo exterior. Esta muralla de terra deixa ver en varios lugares afloramentos de paramento de cachote e xisto máis ou menos derrubado.*

*Acaroado á croa polo oeste ten un antecastro de grandes dimensións, dunha anchura máxima de 70 m e unha altura media de 3 ou 4 m sobre o nivel inferior protexido por murallas e terrapléns, seguido doutros aterrazamentos en cotas descendente de probable relación co castro. Está partido en dous por unha pista de terra que bordea a croa polo sur.*

*Pola parte sur unha alta muralla-parapeto arranca perpendicular á do recinto principal interrompida por unha pista de terra e, máis ao sur desta, aprécianse estruturas de diferentes niveis que poderían indicar unha entrada monumental.*

*Na parte leste, onde as defensas naturais son máis febles, ten un complexo sistema defensivo mixto de foxos e parapetos e máis outro antecastro que voltea á croa desde oeste ata rodeala por toda a parte norte.*




Deseño do xacemento, de autor anónimo, sobre a cartografía LYDAR (ARDOBRIGA, 2020).



*Restos de paramento da muralla da croa (imaxe tomada de PREGO FERNÁNDEZ et INFANTE LÓPEZ, 2020).*



*Restos de paramento da muralla da croa (imaxe tomada de PREGO FERNÁNDEZ et INFANTE LÓPEZ, 2020).*

### 3.3.7. PREGO FERNÁNDEZ, A et INFANTE LÓPEZ. *Memorando: o Castro de Centroña / Perbes*.

Documento redactado polos autores do estudo anterior (CÁTEDRA Nº 27, 2020) con carácter de urxencia a raíz da publicación dos danos ocasionados no Castro de Centroña-Perbes por unha tala en setembro de 2019 e para súa tramitación ante os concellos de Miño e Pontedeume.

En esencia, no aspecto que agora nos ocupa, que non é outro que a morfoloxía do xacemento, é a mesma información, algo simplificada, que a aportada no estudo anterior. Transcribimos literalmente a descrición do xacemento arqueolóxico, segundo está contida no nomeado *Memorando,*

> *Ten forma irregular e consta dun recinto principal ou croa duns 100 m no seu eixe norte-sur e 75 m no leste-oeste rodeada por todo o seu perímetro por unha muralla parapeto que chega a ter ata 3 m de altura polo interior e 5 m polo exterior.*
> *Acaroado á croa polo oeste ten un antecastro de grandes dimensións, dunha anchura máxima de 43 m e unha altura media de 3 ou 4 m sobre o nivel inferior protexido por murallas e terrapléns, seguido doutros aterrazamentos en cotas descendente de probable relación co castro. Está partido en dous por unha pista de terra que bordea a croa polo sur.*
> *Pola parte sur unha alta muralla-parapeto arranca perpendicular á do recinto principal interrompida por unha pista de terra e, máis ao sur desta, aprécianse estruturas de diferentes niveis que poderían indicar unha entrada monumental.*
> *Na parte leste, onde as defensas naturais son máis febles, ten un complexo sistema defensivo mixto de foxos e parapetos e máis outro antecastro que voltea á croa desde oleste ata rodeala por toda a parte norte.*

**3.4. REXISTRO E ARQUIVOS. DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS.**

Dada a súa condición de elemento visible na paisaxe e claramente recoñecible no territorio, o Castro de Centroña-Perbes, xa perdida a súa funcionalidade e en estado de abandono, vai ser empregado como referencia espacial. Neste sentido aparece nomeado en diversos documentos, deseguido pasamos revista a estes.

**3.4.1. FERNÁNDEZ DE VIANA Y VIEITES et GLEZ. BALASCH. El monasterio de San Juan de Caaveiro. Tumbos*, 1999.***

No Tumbo de Caaveiro consérvase a primeira mención coñecida ao Castro de Centroña / Perbes, en relación cunha doazón ao dito mosteiro. Reproducímola,

> *(...) a termino qui dictur cde eclesia Centronia et inde ad ripa, et de ipso ad Castrello, et inde ad castro de Simbolio, (...)*

### 3.4.2. CATASTRO DE ENSENADA. Preguntas xerais Nº 3, 1752.

Referencia para a demarcación das parroquias de Centroña e Perbes,

> *(...) consiguientemente a la Leira de Coruña grande de Juan Calbo el viejo de los Castros, y desde este ba descendiendo a la corredera de Agro Longo (...); en San Pedro de Perbes, (...) cese esta al agro Longo de aquí al Marco Pardo dos Castros*

### 3.5. A FOTOGRAFÍA AÉREA

O estudo da fotografía aérea resulta un elemento de gran interese en relación ao estudo da morfoloxía do xacemento, se ben con obvias limitacións derivadas da densa vexetación existente nas imaxes tomadas nas últimas décadas e, pola contra, a escasa definición das imaxes fotográficas antigas (fundamentalmente o voo americano), estas si cunha vexetación menos densa e con claro predominio das terras de cultivo, facilitando polo tanto a interpretación das formas topográficas. Dado o exposto, e a información obtida por este medio non deixa de ser limitada e máis útil, a luz das modernas técnicas de cartografía LYDAR, para estudar a evolución do uso do territorio do castro e mesmo as afeccións a este, que para a descrición da súa morfoloxía; non obstante o anterior, ningunha información pode ser desbotada.

Seguidamente pasamos a analizar as diferentes imaxes fotográficas, comezando polas máis antigas. Xuntamos as imaxes fotográficas tomadas nas seguintes datas: 1956-1957 (*voo americano*), ortofoto 2002-2003, PNOA 2004-2007, PNOA 2008-2009, PNOA 2010-2011, PNOA 2014, PNOA 2017, PNOA 2020 e PNOA 2023. Segundo os casos, aportamos a fotografía na súa imaxe orixinal ou unha comparativa entre a imaxe orixinal e unha imaxe editada a fin de destacar a estrutura defensiva do xacemento.

O conxunto de fotografías abarca un período de case setenta anos, pasando a reflectir o xacemento arqueolóxico nun momento no que mantíñase a explotación tradicional do territorio, antes das grandes transformacións no agro que dan inicio no decenio de 1960 e, moi especialmente, no de 1970, como resultado da emigración (éxodo ás cidades e migracións ao estranxeiro), que veu dar como resultado o despoboamento do agro e a substitución da agricultura tradicional por repoboacións forestais masivas e indiscriminadas, ao tempo que, nas zonas nas que consérvanse os usos agrarios, estes modifícanse pola incorporación de maquinaria e novos métodos de cultivo, o que impulsa a formación de parcelas de maiores dimensións e a modificación da paisaxe agraria tradicional; estes cambios son aínda máis fortes nas áreas nas que pasa a predominar a gandería, tanto pola extensión dos cultivos forraxeiros como dos prados.

No caso dos concello de Miño e Pontedeume, os cambios que teñen lugar nas décadas de 1960 e 1970 dan lugar a unha nova forma de explotación do territorio, pero radicalmente diferente doutros termos municipais, tanto pola proximidade de núcleos urbanos que actúan como polos de atracción de man de obra para os sector industrial e, posteriormente, para o sector servizos, tal é o caso de Ferrol e A Coruña, ademais da emigración ao estranxeiro; como pola presencia dunha progresiva do sector do turismo e a proliferación de segundas residencias e urbanizacións residenciais que xeran movementos pendulares diarios aos núcleos urbanos próximos, fundamentalmente A Coruña.

Todo o anterior dará lugar a unha modificación dos usos e da organización do territorio, isto é, da paisaxe, notablemente diferente a doutros territorios galegos. Nos concello de Miño e Pontedeume non se da un abandono do medio rural, senón máis ben a súa progresiva, aínda que sempre limitada, urbanización: segundas residencias, abandono da economía agropecuaria en favor dos sectores industrial e de servizos (movementos pendulares de poboación) e substitución das explotacións tradicionais por explotacións a tempo parcial (no que poderíamos denominar "agricultura de fin de semana") o que da como resultado que numerosas fincas que xa non son cultivadas, dedicándose á explotación forestal, en tanto require unha menor man de obra e, nas décadas de 1960-1970 son altamente incentivadas pola política agraria oficial.

### 3.5.1. Fotografía aérea 1956-1957 (*voo americano*)

Trátase da fotografía aérea máis antiga das coleccións dispoñibles, en tanto que fotografías aéreas anteriores, tales como o *voo de cidades de 1946*, non reflicten o Castro de Centroña-Perbes. As imaxes de finais dos anos cincuenta están a revelar unha estrutura agraria tradicional, con predominio das terras de cultivo, polo xeral pequenas parcelas, típicas do minifundismo, con ausencia de grandes masas forestais.

Dentro do xacemento arqueolóxico pode apreciarse a explotación agraria do gran antecastro occidental, se ben no extremo norte e, en menor medida e extensión, no extremo sur existen algunhas parcelas que semellan atoparse a barbeito.

No recinto do castro, a parte central e occidental, está dividida en pequenas parcelas que semellan, en moitos casos, estar abandonadas ou en barbeito, mentres que no extremo oriental, ocupando o espazo dos parapetos que delimitan o xacemento por esa parte, existe unha certa cantidade de árbores, que non chegan a constituír unha masa forestal densa, pero que están a sinalar unha zona de explotación de monte e xa non de terras de cultivo, descoñecemos se como resultado do abandono de antigas parcelas de cultivo ou si responde a unha diferente explotación de carácter tradicional.

No referente á configuración do xacemento, a calidade da imaxe nos limita a unicamente distinguir

o antecastro occidental e o recinto da croa, sen poder entrar a definir as características destes e, moito menos, o completo sistema defensivo existente pola parte leste.

Xuntamos deseguido o detalle de dúas fotografías, a primeira sen editar e editada a segunda co grafado do antecastro e o recinto.




Detalle da fotografía do ano 1956-1957 (*voo americano)*.




Detalle da fotografía do ano 1956-1957 (*voo americano)*, na imaxe inferior, editada coa delimitación do recinto principal (liña de cor vermella) e o antecastro occidental (liña de cor verde).

### 3.5.2. Ortofoto 2002-2003

A seguinte das imaxes aéreas existentes corresponde á *ortofoto 2002-2003*, que está a reflectir o castro e a súa contorna case cincuenta anos despois das imaxe do voo americano analizadas no epígrafe anterior.

A imaxe de 2002-2003 resulta moi próxima á realidade actual, e radicalmente diferente da reflectida no *voo americano*. Nese momento conviven as terras de cultivo e as parcelas dedicadas a explotación forestal, con claro predominio, no referente a súa extensión, destas últimas; en certo modo, e pese á gran diferencia resultado de comparar a paisaxe de 1956-1957 coa de 2002-2003, está a confirmar unha tendencia que era xa daquelas visible: o recinto principal está ocupado por explotacións forestais de forma íntegra e, no antecastro occidental, predominan as terras de cultivo, salvo nos extremos norte e sur, nos que existe un denso arboredo, así como existe arboredo nos parapetos que delimitan o ante castro: poderíamos dicir que, a ortofoto de 2002-2003 está a reflectir a consumación dunha tendencia que podía intuírse case medio século antes.

No referente á configuración do sistema defensivo do castro, o certo é que a ortofoto pouca información nos facilita, unicamente podemos distinguir o antecastro que ocupa a parte oeste do xacemento e podemos intuír, pola forma aproximadamente circular da masa arbórea, os límites do recinto principal.

Xuntamos deseguido o detalle de dúas fotografías, editada a primeira co grafado do antecastro e o recinto e, a segunda, sen editar.




Detalle da ortofoto do ano 2002-2003.




Detalle da ortofoto do ano 2002-2003.  Imaxe editada coa delimitación do recinto principal (liña de cor vermella) e o antecastro occidental (liña de cor verde).

### 3.5.3. Fotografía PNOA 2004-2007

A seguinte das imaxes aéreas existentes corresponde á *fotografía PNOA 2004-2007*, que está a reflectir o castro e a súa contorna transcorrido escasos catro anos respecto da imaxe analizada no epígrafe anterior.

A imaxe de 2004-2007 presenta cambios menores respecto da ortofoto de 2002-2003, manténdose as masas arbóreas pero mostrando as terras de cultivo, dominantes no antecastro, en estado de abandono ou barbeito.

Como nos casos anteriores, pouca ou ningunha información aportan sobre o sistema defensivo, en tanto unicamente reflíctese pola diferente vexetación e non pola visións das estruturas arqueolóxicas.







Na imaxe superior detalle da fotografía PNOA do ano 2004-2007. Na inferior, a mesma imaxe editada coa delimitación do recinto principal (liña de cor vermella) e o antecastro occidental (liña de cor verde).

### 3.5.4. Fotografía PNOA 2008-2009

A seguinte das imaxes aéreas existentes corresponde á *fotografía PNOA 2008-2009*, que está a reflectir o castro e a súa contorna transcorrido escasos dous anos respecto da imaxe analizada no epígrafe anterior.

A imaxe de 2008-2009 presenta unha imaxe semellante do xacemento respecto da fotografía PNOA 2004-2007. Como nos casos anteriores, pouca ou ningunha información aportan sobre o sistema defensivo.







Detalle da fotografía PNOA 2008-2009. Imaxe editada coa delimitación do recinto principal (liña de cor vermella) e o antecastro occidental (liña de cor verde).

### 3.5.5. Fotografía PNOA 2010-2011

A seguinte das imaxes aéreas existentes corresponde á *fotografía PNOA 2010-2011*, que está a reflectir o castro e a súa contorna transcorrido escasos dous anos respecto da imaxe analizada no epígrafe anterior. A imaxe de 2010-2011 presenta unha estampa semellante do xacemento respecto da fotografía PNOA 2008-2009, unicamente sinalar a clara presencia de cultivos no antecastro. Como nos casos anteriores, pouca ou ningunha información aporta sobre o sistema defensivo, en todo caso, o crecemento da vexetación arbórea do recinto principal da lugar a unha progresiva perda da definición deste na imaxe aérea.







Fotografía PNOA do ano 2010-2011. Na imaxe inferior editada coa delimitación do recinto principal (liña de cor vermella) e o antecastro occidental (liña de cor verde).

### 3.5.6. Fotografía PNOA 2014

A seguinte das imaxes aéreas existentes corresponde á *fotografía PNOA 2014*, que está a reflectir o castro e a súa contorna transcorrido tres anos respecto da imaxe analizada no epígrafe anterior.

A imaxe de 2014 presenta unha estampa semellante do xacemento respecto da fotografía PNOA 2010-2011, se ben semella clara o progresivo retroceso das parcelas cultivadas no antecastro e o avance da repoboación forestal. Como resulta habitual neste conxunto de fotografías, pouca ou ningunha información aporta sobre o sistema defensivo; o crecemento da vexetación arbórea do recinto principal, que xa na fotografía PNOA 2010-2014 daba lugar a unha progresiva perda da definición deste na imaxe aérea, resulta agora máis acusado.





Na imaxe superior detalle da fotografía PNOA do ano 2014. Na inferior, a mesma imaxe editada coa delimitación do antecastro occidental (liña de cor verde); o estado da vexetación impide delimitar o recinto principal.

### 3.5.7. Fotografía PNOA 2020

A seguinte das imaxes aéreas existentes corresponde á *fotografía PNOA 2020*, que está a reflectir o castro e a súa contorna transcorrido seis anos respecto da imaxe analizada no epígrafe anterior.

A imaxe de 2020 presenta unha estampa distinta do xacemento respecto  da fotografía PNOA 2014, se daquelas o crecemento da vexetación dificultaba a visión do recinto principal, aínda que si reflectía o antecastro; na fotografía PNOA 2020, xa non se reflicten estas estruturas, en parte alteradas e, en parte, enmascaradas polo crecemento das masas forestais e o abandono dos escasos cultivos que aínda existían un quinquenio antes.




Na imaxe detalle da fotografía PNOA do ano 2020.

### 3.5.8. Fotografía PNOA 2023

A seguinte das imaxes aéreas existentes corresponde á *fotografía PNOA 2023*, que está a reflectir o castro e a súa contorna transcorrido tres anos respecto da imaxe analizada no epígrafe anterior.

Como na imaxe do PNOA do ano 2020, a do ano 2023 presenta unha densa vexetación, salvo na zona que podemos intuír como do antecastro, nela subsisten prados naturais, mentres que a parte nordés do recinto principal semella estar desforestada, aínda que cunha densa vexetación de monte baixo que impide a visión do sistema defensivo.



Na imaxe detalle da fotografía PNOA do ano 2023.

### 3.6. O LEVANTAMENTO TOPOGRÁFICO DO ANO 2025

Elemento fundamental na descrición da morfoloxía do castro, isto é, do seu sistema defensivo, en tanto é a única parte do xacemento que resulta identificable sen realizar traballos de escavación e prospección (esta última, en relación con posibles estruturas semisoterradas que, en parte, poidan resultar visibles), é o levantamento topográfico realizado con técnicas propias da cartografía LYDAR, pola Sociedade GEOBIM, o pasado ano 2025, promovido polo Concello de Miño.  Tamén empregaremos, con carácter complementario do anterior, os modelos incorporados no PBA, elaborados coa mesma técnica de cartografía LYDAR.

Este levantamento topográfico presenta, por unha banda, a rigorosidade propia deste tipo de traballos no que respecta á correcta toma de datos, pese á densa cuberta vexetal e, por outra banda, a súa execución en datas recentes, garante que a información estea actualizada.

Tal como veremos existen algúns aspectos puntuais nos que a análise das estruturas varían respecto das descricións aportadas partindo de documentos anteriores; isto débese, como pode supoñerse, á densa vexetación que, en maior ou menor grao, segundo o momento, cubría o xacemento e que dificultou as anteriores inspeccións visuais.

En todo caso, pese ao emprego deste moderno recurso, o que resulta certo é que hai aspectos interpretativos de difícil solución, tal é o caso dos amoreamentos de terra resultado de traballos de

escavación e alteracións puntuais realizados nos anos oitenta, xa detectadas na Ficha de Inventario do ano 1987 (RAMIL GLEZ. et TOMÁS BOETLLA, 1987); a este respecto, nas fichas posteriores non se recolle a existencia de amoreamentos recentes, e si dun conxunto de parapetos que non foron identificados na de 1987, o que no leva a supoñer que os amoreamentos detectados en 1987, que xa daquelas podían confundirse con parapetos, pola propia evolución destas escombreiras e da vexetación que as cobre, acabaron por mimetizarse coas estruturas do castro. A este respecto, pouco ou nada pode aportarnos a cartografía LYDAR, en tanto que vai reflectir os ditos amoreamentos, unicamente a súa disposición irracional respecto do sistema defensivo do xacemento, aspecto sempre subxectivo, poden aportar luz sobre a súa natureza arqueolóxica; unicamente traballos de desbroce acompañados de escavacións de sondaxes poderían, e non sempre, discernir de forma clara as estruturas castrexas das que non o son.

Neste mesmo apartado, por motivos prácticos, ademais de realizar a descrición do xacemento partindo da cartografía LYDAR, analizaremos esta comparativamente coas descricións históricas, a fin de tentar obter unha visión máis exacta da súa estrutura.

### 3.6.1. A morfoloxía do xacemento

O xacemento presenta un **recinto principal** de planta oval, co eixe maior disposto en sentido SSW a NNE. A medición do conxunto da croa, incluído o sistema defensivo que a delimita, aporta unhas dimensións de 122 m no diámetro do eixe norte a sur e de 87 m no diámetro do eixe leste a oeste, xerando un espazo libre interior de 83 m no diámetro do eixe SSW a NNE e 43 m no diámetro do eixe leste a oeste. O interior da croa, de forma oval, presenta unha superficie notablemente plana, cunha moi leve pendente en dirección ao leste.

A croa, na súa disposición en sentido suroeste a nordés, é resultado dunha adaptación á topografía do Monte Breamo, en tanto ocupa un socalco natural a media ladeira, claramente acondicionado para a construción do castro, pese a aportar esta disposición unha insolación menor e, polo tanto, unhas peores condicións de habitabilidade; a diferencia doutros xacementos nos que prima este último aspecto, no caso do Castro de Centroña-Perbes, as condicións topográficas dificultan unha disposición máis favorable. Pola contra, foi realizado un importante traballo de nivelación do interior da croa, resulta certo que o lugar escollido para implantar o xacemento, un rechán a media ladeira, presenta unhas condicións topográficas favorables, pero resulta tamén certo que unha superficie chaira de 83 X 43 m implica unha acción antrópica, máxime tendo en conta que a leve caída que presenta está orientada cara ao sueste, contraria á pendente natural do terreo.




*Cartografía LYDAR (GUERREIRO, 2025).*

O sistema defensivo que limita a croa está constituído por un parapeto que podería corresponder a unha muralla pétrea a xulgar pola presencia puntual de pequenos treitos de *mampostería* de xisto, cunha altura variable, maior na parte leste, na que as condicións defensivas naturais son menos favorables; así o parapeto nesta zona presenta unha altura exterior de 5 m e de 3 m cara ao interior, mentres que no oeste, na que as condicións topográficas son máis favorables para a defensa,  a altura exterior do parapeto é de 3 m e a altura interior redúcese a menos de 1 m, en zonas apenas acada os 0,50 cm.

O **acceso actual á croa** faise por unha interrupción do parapeto na parte sur do recinto, a forma na que está formalizada esta semella responder a unha alteración de época histórica; non obstante, non existe outra interrupción no recinto e a posición do acceso na parte sur corresponde á máis funcional, dada a topografía, polo que non podemos excluír a existencia nese punto do acceso orixinal que, nun momento posterior, foi modificado para facilitar a entrada na croa que, tal como puidemos comprobar na fotografía histórica, estaba ocupada por terras de cultivo ata mediados de século XX.  Hai que sinalar que na Ficha de Inventario de 1987 (RAMIL GLEZ. et TOMÁS BOTELLA), represéntase, acaroado a este acceso pola parte leste, unha pequena estrutura de planta circular, en parte cortada no seu extremo suroeste e definida por terrapléns que parece relacionarse con

esta entrada e no extremo sur do antecastro, enfrontado a esta estrutura, represéntase o que podería resultar un torreón.




*Deseño da Ficha de Inventario de 1987 (RAMIL GLEZ. et TOMÁS BOTELLA). O círculo de cor verde sinala as posibles estruturas.*

Na cartografía LYDAR, en relación coas posibles estruturas sinaladas nas liñas anteriores, semellan intuírse pequenas elevacións que poderían relacionarse con estas.



*Cartografía LYDAR (GUERREIRO, 2025).  O círculo de cor amarela sinala as posibles estruturas.*

Estas estruturas non son representadas non deseños posteriores (ALFONSÍN SOLIÑO et CARAMÉS MOREIRA, 1992), non podemos determinar a causa; non obstante, non debemos esquecer que nas fichas de 1984 e 1987 (RAMIL GLEZ. et TOMÁS BOTELLA) sinálase a realización de remocións de terra e advírtese do risco de destrución das estruturas, as que nos ocupan, na entrada ao recinto, serían posiblemente as máis expostas a estas destrucións, tanto pola facilidade de acceso como pola "conveniencia" de adecuar a entrada.



*Deseño da Ficha de Inventario de 1992 (ALFONSÍN SOLIÑO et CARAMÉS MOIREIRA).*

Nas posteriores fichas de inventario, dos anos 2005 (REBOREDA) e 2019 (ÁLVAREZ VEIRA) tampouco existe referencia algunha sobre as ditas estruturas, tal vez por estar cubertas de densa vexetación e, posiblemente, en parte destruídas.

Ao norte, oeste e suroeste do recito descrito esténdese un **antecastro** con forma arriñonada, co eixe maior en sentido SSW a NNE, cun diámetro neste eixe de 121 m e un diámetro no eixe leste a oeste de 48 m, que definen un espazo libre interior de 83 m no eixe SSW a NNE e de 30 m no diámetro do eixe leste a oeste. Este antecastro está delimitado pola súa parte exterior (norte, oeste e suroeste) por un terraplén cunha altura variable entre 3 e 4 m, acadando as maiores cotas na parte norte do recinto; pola parte leste limita co parapeto do recinto principal.

O aceso ao antecastro ten lugar por dous diferentes puntos, pola parte sur, do que xa dimos conta ao tratar dos accesos á croa e no que sinalamos a existencia do que semella ser un bastión que remata o noiro que, pola parte sur, delimita o antecastro na zona do acceso. Unha segunda entrada, nesta ocasión desde o oeste, existe na parte central da terraza, estando formalizada como unha interrupción do noiro delimitador. Trátase dun acceso actual, relacionado cunha pista que desde este punto cruza o antecastro en dirección ao leste ata acadar a base do parapeto da croa, para posteriormente circundar esta en dirección ao sueste, ata enlazar coa pista de entrada existente na zona sur.

Ao **leste da croa existen un conxunto de alteracións** que interprétanse como parte do sistema defensivo, formado pola combinación de parapetos e foxos (ALFONSÍN SOLIÑO et CARAMÉS MOREIRA, 1992) que reforzarían a zona leste, a máis vulnerables desde o punto de vista topográfico. Seguindo a dita interpretación, a uns 20 m do recinto principal existiría un parapeto de 0,50 m de alto cara ao interior e 3 m cara ao exterior e a uns 15 m disporíase un segundo parapeto defensivo duns 2 m de altura no alzado interior e 1,5 m no exterior, entre ambos un foso. A uns 18 m do anterior existiría un novo parapeto defensivo de 1’50 m de altura e un novo foso, escasamente perceptible por estar enchido de sedimentos.



*Deseño da Ficha de Inventario de 1992 (ALFONSÍN SOLIÑO et CARAMÉS MOIREIRA).*

Cómpre sinalar que a Ficha de Inventario do ano 1987 *(RAMIL GLEZ. et TOMÁS BOTELLA)* tamén sinala a existencia dun sistema defensivo nesta parte, exterior á croa. A este respecto, sinálase na nomeada ficha a existencia dun parapeto disposto en sentido leste a oeste que no seu treito final convértese nun terraplén formando unha terraza interior, na metade da súa traza parte un novo parapeto, de escasa lonxitude, disposto en sentido norte a sur e un novo parapeto parte do recinto principal, xerando entre ambos un pequeno foso, apuntándose a que este conxunto de parapetos podería estra relacionado coa defensa dunha entrada.




*Deseño da Ficha de Inventario de 1987 (RAMIL GLEZ. et TOMÁS BOTELLA). O círculo de cor verde sinala as posibles estruturas.*

Con pequenas diferencias entre as descricións de 1987 (RAMIL GLEZ. et TOMÁS BOTELLA) e 1992 (ALFONSÍN SOLIÑO et CARAMÉS MOIREIRA), motivadas pola densa vexetación existente xa daquelas nesa parte do xacemento, ambas conclúen na existencia dun sistema defensivo complexo, no que son combinados parapetos e fosos para reforzar a parte leste do xacemento, na que as defensas naturais resultan menores.

A visión da cartografía LYDAR, ofrece unha lectura lixeiramente diferente á descrición da Ficha de Inventario de 1992 (ALFONSÍN SOLIÑO et CARAMÉS MOREIRA) e bastante aproximada á da Ficha de Inventario de 1987 (RAMIL GLEZ. et TOMÁS BOTELLA); interpretamos as diferencias entre as tres visións (fichas de Inventario de 1987, 1992 e cartografía LYDAR de 2025) polas dificultades debidas á densa vexetación que posiblemente lavaron a interpretar como parapetos o que posiblemente foran pequenas alteracións non continuas pero que cubertas de vexetación facilmente poden interpretarse como un elemento continuo.

Consideramos, partindo da cartografía LYDAR, a existencia dun parapeto que, desde o que define a croa diríxese en dirección ao leste, parello ao recinto principal.  Un segundo parapeto parte tamén do recinto principal, nun punto situado máis ao norte que o parapeto anterior, e cunha traza parella ao anterior parapeto e ao recinto da croa, xerando entre ambos un foso; finalmente, ao leste dos anteriores, un novo parapeto que, no seu extremo setentrional, cunha traza moi rectilínea, continúase en dirección ao norte delimitando unha terraza entre o recinto principal e este parapeto.




*Cartografía LYDAR (GUERREIRO, 2025).  Pode apreciarse un  detalle da zona leste do xacemento.*



*Cartografía LYDAR (GUERREIRO, 2025).  Pode apreciarse un  detalle da zona leste do xacemento, coas estruturas defensivas editadas; os parapetos son representados cunha liña non continua de cor amarela e o foso cunha liña non continua de cor azul.*

# 4. O CASTRO DE CENTROÑA-PERBES E A CIDADE DE ARDÓBRIGA

Tal e como sinalamos en epígrafes anteriores, a falta de intervencións arqueolóxicas no Castro de Centroña-Perbes limita o noso coñecemento sobre o mesmo á súa morfoloxía, coas limitacións e dúbidas que respecto dela expuxemos no capítulo precedente. A explicación da evolución do xacemento, isto é, o relato histórico relativo a súa fundación, construción e devir ao longo dos séculos nos resulta no momento actual absolutamente descoñecido.

A este respecto o único que podemos aventurar son hipóteses xerais en base aos coñecementos doutros castros estudados en maior ou menor grao no Golfo Ártabro, tal é o caso do Castro de Elviña (Elviña, A Coruña), o de Borneiro (Cabana de Bergantiños) e, en datas recentes, o de Tralocastro (Esmelle, Ferrol); así como outros situados fóra do Golfo Ártabro pero que, polas súas características de castros costeiros poden actuar como referentes, tal é o caso do Castro de Sarridal (Cedeira). Non obstante, esta extrapolación da evolución dun xacemento arqueolóxico a outro no que non existe datos existe dato algún (máis alá da súa configuración física, non exenta tampouco de dubidas nalgúns aspectos) pode ser arriscada e pouco rigorosa.

### 4.1. EVOLUCIÓN HISTÓRICA DO CASTRO DE CENTROÑA-PERBES

Coas limitacións expostas nas liñas anteriores, imos realizar unha breve exposición da "historia" do xacemento, que polo xa comentado, non deixa de ser unha hipótese construída sobre a base da evolución doutros xacementos ata certo punto semellantes.

O contexto histórico do xacemento é o denominado Golfo Ártabro, termo acuñado por Otero Pedrayo para identificar o arco formado polo conxunto das rías de A Coruña, Betanzos, Ares e Ferrol, entre o extremo norte da Costa da Morte e as Rías Altas; espazo definido cara ao interior polos montes de A Zapateira, O Xalo, Castromaior, Tieira, O Gato, Queixeiro, Capelada e Forgoselo. Resulta polo tanto un espazo eminentemente marítimo, no que o territorio así delimitado está claramente orientado ao mar, que actúa como vía de comunicación, favorecido pola configuración dunhas rías que ofrecen portos de abrigo e areais, normalmente ao fondo destas, que favorecen os desembarcos e cunhas boas condicións para a navegación, tanto entre os diferentes puntos do Golfo Ártabro como para o seu emprego como portos de abrigo nas rutas de navegación entre o Atlántico occidental e o Mediterráneo e, ao tempo, presenta unhas complicadas comunicacións terrestres polo abrupto do terreo, que ata certo punto manteno illado da Galicia interior.

Este espazo estaría habitado polo pobo do Ártabros ou Arrotrebas, pobo prerromano que habitaría estas terras, se ben poderían estenderse fóra do territorio definido como Golfo Ártabro, sempre na liña da costa, polo sur ata a desembocadura do Río Anllóns (na Ría de Corme-Laxe), facendo límite cos Nerios e polo norte ata Cedeira, onde farían fronteira cos Arróns.

Trátase dun espazo que, desde o punto de vista comarcal, corresponde As Mariñas Coruñesas e desde o punto de vista histórico ao treito de costa que os navegantes da antigüidade e, particularmente os xeógrafos gregos e romanos, denominan como *Portus Magnus Artabrorum* (Estrabón, III ,3, 5).
Con carácter xeral, ante a falta dunha intervención arqueolóxica que poida ofrecer datacións ou restos materiais que permitan asignar unha cronoloxía, adoitase considerar para este xacemento unha cronoloxía inicial na Segunda Idade de Ferro cunha ampla duración no tempo que, en función da súa morfoloxía, puidera perfectamente continuarse durante o período galaico-romano.

**4.1.1. A organización territorial dos Ártabros e o Castro de Centroña-Perbes**

Seguindo neste aspecto a PREGO FERNÁNDEZ e INFANTE LÓPEZ (2020) o Castro de Centroña-Perbes ben puidera constituír un importante asentamento da estrutura político-social dos Ártabros, en tanto semella adaptarse perfectamente ao modelo de ocupación do territorio dos pobos da Gallaecia (GARCÍA QUINTELA, 2007), (GONZÁLEZ RUIBAL) e (BRAÑAS ABAD, 2000),

> *(...) Trataríase dunha agrupación política de tipo intermedio entre o poboado (castro ou castellum, segundo os romanos, briga...) e os populi ou civi referidos nas fontes clásicas (éthne, segundo Estrabón) entre os que se atopan os ártabros ou arrotrebas. Estas agrupacións intermedias estarían formadas por un número limitado de castros distribuídos nun territorio (pagus) dominado por un santuario (centrum), o carón do cal estaría o oppidum ou castro capital do territorio. Unha vez demostrada a existencia do santuario pre-cristián no monte Breamo a través do seu tramado simbólico e máis da etimoloxía do orónimo (*brig-amo=lugar máis alto ou supremo), a observación da paisaxe arqueolóxica ven a confirmar de maneira manifesta este modelo, xa que en Centroña/Perbes estamos diante dun castro de grandes dimensións acaroado ao santuario do monte Breamo, dominando ambos un amplo territorio inzado de castros de menor tamaño que serían subsidiarios daquel (...)*

En base da teoría anteriormente exposta, o Castro de Centroñ-Perbes tería, polo tanto, un carácter central ou principal dentro da organización territorial do Golfo Ártabro.

### 4.1.2. A identificación entre o Castro de Centroña-Perbes e a Cidade de Ardóbriga

Logo do exposto no epígrafe precedente sobre a centralidade do Castro de Centroña-Perbes na organización territorial dos Ártabros (PREGO FERNÁNDEZ et INFANTE LÓPEZ, 2020), cómpre tratar a presunta vinculación entre o noso castro e a Cidade de Ardóbriga. A presencia de núcleos que poderíamos considerar "urbanos" no Golfo Ártabro semella clara a partir das fontes clásicas (Estrabón III, 3, 5; tomado de ROMERO MASIÁ et POSSE MESURA, 1988),

> *Os Ártabros teñen moitas cidades situadas nun Golfo ó que os navegantes que o percorren chámanlle Porto dos Ártabros*

Estas "cidades" serían a base dun importante comercio marítimo, baseado en produtos como o estaño, a prata e o ouro, testemuñado en fontes clásicas como Estrabón (século I aC), Pomponio Mela e Plinio o Vello (ambos do século I dC) e Ptolomeo (século II dC).

A Cidade de Ardobriga, considerada como a principal dos Ártabros, é citada por Pomponio Mela (CHOROG., III, 13), se ben de forma un tanto inexacta e xeral, o que dificulta a súa localización, nun texto composto posiblemente na Bética no no 44 aC, chegando este documento á actualidade a parir dunha única copia, datada no século X, e da que derivan todas as posteriores, o que introduce un elemento de dúbida sobre a fidelidade dese único texto conservado respecto da obra orixinal.

Seguimos neste epígrafe a obra de MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO (1987:121) que parcialmente reproducimos deseguido,

> *(...) se habrá notar muy bien que la continuidad detallista de la descripción ha cesado, por alguna razón que ignoramos, no promunturium [pode referirse a Touriñán ou ao Nariga]. De toda la fachada litoral que, a partir de él y hasta confinar con los ástures, poblaban los ártatros, la descripción de Mela acota tan solo (in Artabris...= "Entre los Ártabros...") un sector limitado de golfo o ensenada a que contornea (incingit) a Adogrican urbem. En él desembocan, teniendo sin duda a Ardobrica por punto medio, desde el S., dos ríos de oscuro nombre incluso entre los nativos y, hacia el N., el Anaris y el Iubia.*
>
> *Tomando pues el pasaje de Mela como lo que es, a modo de una nota suelta de un diario de navegación o de un derrotero, nos indica con claridad que la nave que ponía proa, en la dilatada costa de los ártabros, doblado el islote de A Marola, rumbo a la ría del actual Pontedeume, enfilandfo por baliza, como se hace hoy mismo, , en el centro de ese frontón de la ensanada, la alta cima del*

> *BREAMO con su poblado de Ardobriga, dejaba a estribor la desembocadura e dos cursos fluviales poco notorios y contemplaba, en cambio, a babor las muy amplias de dos ríos mayores, el Anaris y el Iubia.*
> *(...)*
>
> *Las bocas de estos dos ríos menores no pueden ser otras que las del Lambre y el Baxoi. Sus denominaciones son hoy mismo fluctuantes. Al Baxoi se le conioce tambien por río do Castro o de Bañobre; al Lambre, a veces, por Río de Ponte do Porco.*
> *(...)*

Cómpre sinalar que na obra do mesmo autor especúlase cun posible traslado de poboación, realizado de forma progresiva, desde o Castro de Centroña-Perbes, que identifica o noso autor coa Cidade de Ardobriga, ao que define como un asentamento indíxena, cara á liña de costa, en relación co auxe comercial do Golfo Ártabro a partires do século I aC e, de forma aínda máis notable, co cambio de Era. En relación con este posible fondeadeiro e instalacións de almacenaxe que, nun primeiro momento, seguiríase considerando como unha parte máis da Cidade de Ardobriga, aínda que fisicamente desgaxado dela, avalíase a posible localización no lugar de O Portiño ou de Vilamoure, ambos na mesma Parroquia de Centroña. Esta evolución está perfectamente constatada noutros asentamentos castrexos, tal é o caso do Castro de Vigo, igualmente situado nun alto próximo á costa, pero non na liña da costa, xerándose un asentamento costeiro en relación coa actividade comercial, que progresivamente medrou en detrimento do asentamento orixinal.

Loxicamente, carecemos de indicios certeiros sobre a identificación de Ardobriga e o Castro de Centroña-Perbes, máis alá das súas grandes dimensións para os usos dos castros do norte, e particularmente do Golfo Ártabro, a súa visibilidade desde o mar e a aparente posición entre dous ríos (Anaris e Iubia), tal como sinala a descrición de Mela; pero tamén resulta evidente que unicamente unha escavación arqueolóxica do xacemento podería aportar as probas materiais que confirmaran, ou desmentiran, a hipótese exposta.

## 5. OS MATERIAIS ARQUEOLÓXICOS.  O TORQUES DE CENTROÑA

Neste capítulo pasamos revista aos materias de interese arqueolóxico asociados ao Castro de Centroña-Perbes; materiais arqueolóxicos que en calquera xacemento resultan fundamentais para establecer a súa cronoloxía e evolución histórica. Como noutros tantos aspectos, topámonos, no que nos ocupa, coa ausencia de escavacións arqueolóxicas (ou mesmo de traballos de control), que puideran ter proporcionado un conxunto de materiais recollidos nun contexto coñecido. Unicamente dispoñemos de referencias relativas a achados casuais e descontextualizados, entre os que destaca o medio torques de Centroña, achado fóra do recinto castrexo, pero moi próximo a este e innegablemente relacionado con el; dada a súa importancia e significación o trataremos de forma individualizada nun epígrafe específico.

## 5.1. O ACHADO DE MATERIAIS ARQUEOLÓXICOS

Existen referencias á localización fortuíta de achados arqueolóxicos, recollidos estes nas fichas de inventario da DXPC dis anos 1984 e 2005 (esta reitera a información do ano 1984).

### 5.1.1. Ficha de Inventario do ano 1984

A de 1984 é a máis antiga das Fichas de Inventario da DXPC, carecemos de datos que permitan a identificación do arqueólogo redactor. Transcribimos deseguido a información relativa á aparición de materiais de interese arqueolóxico:

> *En enero de 1985, el huracán "HORTENSIA", arrancó un pino cuyas raices dejaron al descubierto una mena de molino romano así como algunos restos de cerámica.*

O muíño romano permanece na actualidade en custodia do Concello de Pontedeume; carecemos de datos sobre o destino dos materiais cerámicos; non consta o seu depósito en institución algunha, polo que podemos supoñer foi recollido por algún particular ou mesmo permaneceu abandonado no lugar da súa localización.



*Vista do muíño romano localizado no Castro de Centroña-Perbes (1985), custodiado polo Concello de Pontedeume. Imaxe facilitada pola Sociedade Cultural Ardobriga.*

### 5.1.2. MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO. 1987. Toponimia del Concejo de Pontedeume y Cartas Reales de su Puebla y Alfoz.

En referencia aos materiais documentados, sinálase na obra citada,

*"Contan os meus informadores (...) dun muíño de man que atoparon esgarabellando"*

Novamente, descoñecemos se o muíño localizado foi depósitado nalgunha institución, permence en mans privadas ou, o que resulta máis probable, permeneceu no lugar no que foi localizado.

### 5.1.3. Ficha de Inventario do ano 2005

Redactada esta Ficha de Inventario polo arqueólogo Alberte Reboreda, no contexto dos traballos de redacción do PXOM do Concello de Pontedeume, recollendo a información da ficha do ano 1984, así como da aparición do torques de Centroña,

> *En 1912 apareció un torques de oro, muy deteriorado y en la actualidad depositado por la Diputación en el Museo Arqueolóxico Provincial de A Coruña.*
> *En 1985 el huracán "Hortensia" arrancó un pino cuyas raíces dejaron al descubierto un moliente de molino romano así como restos de cerámica.*

Cómpre destacar que, por erro, está a sinalar o depósito do torques de Centroña no Museo Arqueolóxico Provincial de A Coruña, cando realmente estivo no Museo Arqueolóxico Provincial de Lugo, ata que foi entregado, por sentencia xudicial, aos *herdeiros do legado Gil Varela*.

### 5.2. O TORQUES DE CENTROÑA

Localizado de forma fortuíta no ano 1912 nunhas leiras situadas ao leste do xacemento, está recollido nas fichas de Inventario da DXPC co código de identificación AC15069004, no Concello de Miño, se ben a propia ficha de catálogo sinala unha posición non definida na extrema dos concellos de Miño e Pontedeume (parroquias de Perbes e Centroña), no lugar de Casa Vella.

#### 5.2.1. O achado do torques de Centroña

Tal e como ten acontecido con case todos os torques dos que temos noticia, o de Centroña tamén foi achado de forma casual, polo tanto descontextualizado, no ano 1912, por Juan Leira Leira, veciño de Castrelo (Centroña, Pontedeume) no lugar de Casa Vella, cando recollía patacas nunha leira situada a uns 50 m ao leste do Castro de Centroña-Perbes. A este respecto xuntamos o relato relativo a súa localización,

> *Segundo información achegada por Pilar Carpente Leira, o anaco de torque foi atopado por un seu parente, Juan Leira, cando estaba a recoller patacas nunha súa finca situada no lugar de Casavella. Sen lle dar moita importancia, depositouno no chan e, ao rematar, levouno para a casa. O domingo seguinte encargoulle a súa filla que o levara ata Pondeume para ver se por el lle daban cinco pesetas polos debuxos que tiña. O reloxeiro, despois de examinalo, ofreceulle 125 pesetas. A moza, sorprendida, recolleu o torque e dirixiuse ata a casa de don Domingo Álvarez Freire para que averiguara o que era aquilo. O señor Caruncho, da Coruña, manifestoulle a aquel que era "ouro galego do Sil", ofrecéndolle 450 pesestas. Logo outro home, o señor Badía, levoullo a Manuel Murguía quen quedou encantado, asegurando que pertencía aos celtas ou aos romanos. Como anécdota final, o anaco de torque pasou en pouco tempo das 5 pesetas ás 1.000, e para o caso de que aparecera a outra metade o seu valor estimábase en 4.000 pesetas.*

A súa localización fóra do recinto castrexo non semella estar relacionada cun depósito intencional, segundo a interpretación de LADRA (2020:58), que deseguido transcribimos,

*A parcela na que se produciu a descuberta orixinal ten sido identificada e fica nas inmediacións do recinto fortificado protohistórico. A recuperación deste torques en estado incompleto suxire unha deposición serodia, con perda manifesta dos seus valores simbólico-funcionais. Polo tanto, trataríase de unha mera amortización de materia prima preciosa, destinada se cadra a operacións de reciclaxe por parte do seu último dono. Probablemente estamos perante unha ocultación intencional, con carácter de ateusoramento e lonxe da idea dun depósito funerario, ritual ou votivo.*

**5.2.2. O torques de Centroña. Descrición.**

O torques de Centroña, localizado de forma casual no ano 1912, foi publicado por primeira vez nesa data por Manuel Murguía, no *Boletín nº 12 da Real Academia Galega*, transcribimos a descrición do mesmo,

*(...)*

*El torques de que nos ocupamos, termina el brazo intacto en una imperfecta bellota, y muestra arrollado el ánima-aunque no adherido-un adorno anular que también se encuentra en otros objetos de igual índole. Como se ve en la lámina, en la intersección de una y otra mitad, campea, dándole un especial interés, un adorno importantísimo para el caso, (...) formado por cuatro círculos de hilo en espiral, que recuerdan, por su estricta identidad, el que ostenta varios utensilios de la época miceniana que bien pudieran tomarse como seguro indicio de la respetable antigüedad del torques de Centroña. No por eso que forzosamente, pues las influencias artísticas duran mucho en el arte que las acepta com propias.*

*El notable torques del Sr. Arteaga, en el que campean los círculos concéntricos y el puntillado, y el hallado en Centroña, que nos lo da en espiral y en igual disposición de los citados adornos micenianos, si no declaran desde luego su venerable vestustez, aseguran, por lo menos que los elementos ornamentales que conservan, pertenecen a una remota antigüedad, atestiguan una declara hermandad de origen de los pueblos irlandés y gallego, testifican con este último la influencia del arte miceniano, y prestan al torques de que nos ocupamos una importancia declarada.*

*(...)*



*Vista do medio torques de Centroña.*

**5.2.3. O torques de Centroña e os torques ártabros**

Os torques son basicamente un aro ríxido aberto, definido por oposición aos colares artellados pechados., sendo viable o seu uso anatómico como colar, brazalete ou mesmo blandelo na man, elaborados con materiais preciosos, polo xeral ouro, cun carácter non funcional, se non máis ben representativo, simbólico, decorativo, de prestixio,... en todo caso non podería definirse como un útil. A presencia destes obxectos indícanos que nos atopamos ante unha sociedade cun acceso diferenciado á riqueza, como resultado dunha sociedade cunha estrutura asimétrica e, polo tanto, cunha

estratificación socioeconómica máis ou menos complexa (LADRA, 2020:45).

Sen entrar no significado que puideron ter os torques na sociedade castrexa como *símbolo de rango*, como semella deducirse do reducido número de torques localizdo no rexistro arqueolóxico, elaborados con materiais preciosos, con decoracións elaboradas e un alto grao de pericia técnica.

Da distribución territorial dos torques conserados e en función asa súas caraterísticas deuse en identifucar *tipoloxías* que poderían considerarse como locais / rexionais, ligadas a grupos étnicos dentro do mundo castrexo.

Será D. Luis MONTEAGUDO (1952) quen propoña una primeira clasificación e definición étnica e, indirectamente territorial, para as difrentes tipoloxías de torques; que no caso dos torques galaicos identifcados polo autor como ártabros caraterizaríanse por presentar,

> *un tercio central liso, flanqueado por dos simples o dobles y contratpuestas espirales de hilo soldadas (...) dos tercios extremos con alambre enrollado y remates en perilla*

Polo que pode constatarse dos exemplares completos conservados (desgraciadamente non é o caso do torques de Centroña do que unicamente consérvase a metade), o esquema formal básico dos torques ártabros sería un corpo ríxido en forma de "C", estruturado en tres módulos que poden resultar desiguais, cunha simetría axial dupla: a correspondete ao anverso-reverso da peza sobre un plano horizontal e a refrente ás dúas metades laterais. Trataríase dunha forma estandarizada e que respondería a patróns claramente determinados (LADRA, 2020: 48). Non osbtante, cómpre lembrar que estas características non son exclusivas dos "torques ártabros", o que si resulta definitorio da tipoloxía é a concurrencia de todas elas nunha mesma peza, motivo este polo que existen dúbidas sobre a adscrición a esta tipoloxía non caso dos torques incompletos ou moi incompletos. No reulta este o caso do torques de Centroña, en tanto que se ben unicamente conservamos a metade, precisamente este feito nos permite afirmar sen especiais dúbidas unha forma simétrica, perfectamente encuadrable neste grupo.

## 6. OS XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS DO CONTORNO

O Castro de Centroña-Perbes non constitúe un asentamento illado no territorio, senón que mantén unha relación con este, tanto de explotación económica, integrando no seu *hinterland* o medio mariño, e non so as relacións coa costa próxima do resto do Golfo Ártabro, senón co mundo Atlántico e Mediterráneo, este último posiblemente cun comercio indirecto a través de Gades, tal e como sinalan as fontes clásicas (Estrabón, Pomponio Mela, ...). Ao tempo mantería relacións coas comunidades e castros próximos, integrado no grupo étnico dos ártabros ou arrotrebas; tratamos no capítulo 4 da organización territorial destes pobos (PREGO FERNÁNDEZ et INFANTE, 2020) e do carácter central ou principal que o Castro de Centroña-Perbes podería chegar a ostentar no seu ámbito territorial do Golfo Ártabro.

En todo caso, con independencia destas teorías sobre a preeminencia do xacemento sobre o territorio e o seu carácter de centralidade e capitalidade (por empregar un termo actual, aínda que non adecuado para o momento histórico tratado) dun territorio máis ou menos amplo ou máis ou menos definido, resulta dificilmente aceptable a non existencia de relacións con asentamentos da contorna inmediata contemporáneos do noso castro.

Este último aspecto, o da contemporaneidade, resulta de gran interese, en tanto que a presencia doutros xacementos castrexos máis ou menos próximos non implica necesariamente unha ocupación sincrónica destes, como tampouco a fai imposible. Unicamente as escavacións arqueolóxicas, actualmente limitadas a *villae* de Centroña, poderían aportar unhas cronoloxías que permitan establecer a contemporaneidade ou non dos diferentes asentamentos e, partindo deste punto, a ocupación e organización do territorio inmediato ao castro.

Con todo o anterior, resulta claro que o coñecemento dos xacementos arqueolóxicos da contorna resulta de interese para o coñecemento do noso xacemento que, tal como tense sinalado, non é un elemento illado no territorio, senón claramente relacionado con el.

Loxicamente, non resulta este estudo o lugar propio para unha análise dos xacementos arqueolóxicos existentes na área na que comunmente se localiza aos ártabros, en todo caso sinalar que trátase dun territorio amplamente poboado desde antigo, xa con anterioridade á época castrexa, con numerosos xacementos arqueolóxicos catalogados, loxicamente, os que resultan de interese para o tema que nos ocupa son os que desde o punto de vista crono-cultural son susceptibles de contemporaneidade co Castro de Centroña-Perbes, isto é, os adscritos ao mundo castrexo, galaico-romano e romano.




*Localización dos xacementos arqueolóxicos próximos ao Castro de Centroña-Perbes. Tomado de PREGO FERNÁNDES et INFANTE LÓPEZ (Revisa Cátedra, 2929).*

### 6.1. XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS NAS PROXIMIDADES DO CASTRO DE CENTROÑA-PERBES

Logo de establecida a inviabilidade de afrontar neste estudo a análise do conxunto dos asentamentos que supostamente podería considerarse como contemporáneos do Castro de Centroña-Perbes na área territorial do Golfo Ártabro, que poderíamos considerar como o marco territorial do noso xacemento, imos centrarnos naqueles situados nunha contorna inmediata.

Na seguinte táboa xuntamos a relacións destes, organizándoa en seis campos, correspondentes á denominación do xacemento, código de identificación da DXPC (e cando é o caso, do PXOM en vigor), termo municipal, parroquia, lugar e adscrición cronocultural do xacemento.

| DENOMINACIÓN | CÓDIGO | CONCELLO | PARROQUIA | LUGAR | ADSCRICIÓN CRONOCULTURAL |
|---|---|---|---|---|---|
| Castro das Insuas / Castro de Insua / Punta do Coto[1] | GA15069002 | Pontedeume | Santiago de Boebre | A Barreira | Asentamento fortificado / castro |
| Vila romana de Centroña | GA15079009 | Pontedeume | Santa María de Centroña | O Portiño | Romano |
| Medio torques de Centroña* | AC15069004 | Pontedeume | Santa María de Centroña | Castrelo (Casa Vella) | Achado illado (castrexo) |

* Tratado este achado de forma individual no capítulo 5.




*Localización dos xacementos arqueolóxico próximos. O círculo sinala os castros, o cadrado a villae e o punto o achado do torques., sobre a cartografía do PBA.*

### 6.1.1. Castro das Insuas / Castro de Insua / Punta do Coto - GA15069002

Describimos este xacemento a partires da información existente nas fichas de inventario da DXPC, datadas nos anos 1984, 1992, 2005 (elaborada en relación á redacción do PXOM de Pontedeume), 2007 e 2019; igualmente existe unha ficha do Catálogo do PXOM de Pontedeume en vigor actualmente, que está a reproducir a información xunta na Ficha de Inventario do ano 2005.

Cómpre salientar a realización de sondaxes valorativas no ano 2011, por desgracia a Memoria Técnica dos traballos non se atopa en disposición de ser consultada, unicamente coñecemos a localización de cinco diferentes fases de ocupación, desde a Idade do Ferro ata a Idade Media.

[1] Por erro, no PBA figura como Castro de Önusa.




*Localización do xacemento nunha punta mariña. Imaxe tomada do PBA (pode lerse o nome errado de Castro de Önsua).*

#### 6.1.1.1. Ficha de Inventario do ano 1984

Da máis antiga das Fichas de Inventario da DXPC relativa a este xacemento, carecemos de datos que permitan a identificación do arqueólogo redactor. Transcribimos deseguido a descrición:

> El emplazamiento y el relieve parecen óptimos para la instalación de un castro. Se conservan ligeros indicios de fosos, pero de las murallas, caso de existir, están cubiertos por la maleza.
> Consultados algunos vecinos dicen que el lugar se conoce con el nombre de Insua, (refencia a la playa y a la isla Carboira próximas) sin que nadie recuerde la denominación CASTRO.
> Concretamente, lo que puidera ser castro se conoce con el nombre de Coto de Lago, apellido, al parecer, de alguien que tuvo una casa por allí.

#### 6.1.1.2. Ficha de Inventario do ano 1992

Redactada polos arqueólogos Manuel Alfonsín Soliño e Vicente Caramés Moreira. Transcribimos deseguido a descrición:

> El castro ten unha forma irregular adaptada á forma da punta. O efecto do embate do mar na punta fai que se produzan constantes desplomes nos acantilados, variando así a forma da punta. Ten unhas dimensións de 120 m. no eixo L.-O. por 75 m. no eixo N.-S. Na parte mais occidental do castro, na punta dos acantilados temos dúas partes dun segundo recinto moi alterado polos derrubamentos e que miden uns 20 m. cada un. No centro do recinto, separando os cultivos da zona sen cultivar, temos unha pequena terraza duns 0,50 m. de outo e que aparenta estar arrasada po-los cultivos. Na parte mais meridional do castro temos outro parapeto defensivo de 1 m. de outo que se extiende de S. a N. E ailla o castro do istmo e que aparece desmontado polos cultivos.

#### 6.1.1.3. Ficha de Inventario do ano 2005

Redactada polo arqueólogo Antón Fernández Malde. Non inclúe unha descrición do xacemento, aínda que si numerosas imaxes fotográficas de detalle.

#### 6.1.1.4. Ficha de Inventario do ano 2005 (bis)

Carecemos de datos que permitan a identificación do arqueólogo redactor, pero moi posiblemente corresponda a Alberto Reboreda. Reproduce en boa medida a información xunta na ficha de 1992, pero aporta información sobre o xacemento romano da Illa Carboeira. Transcribimos deseguido a descrición,

> *El castro ten unha forma irregular adaptada á forma da punta. O efecto do embate do mar na punta fai que se produzan constantes desplomes nos acantilados, variando así a forma da punta. Ten unhas dimensións de 120 m. no eixo L.-O. por 75 m. no eixo N.-S. Na parte mais occidental do castro, na punta dos acantilados temos dúas partes dun segundo recinto moi alterado polos derrubamentos e que miden uns 20 m. cada un. No centro do recinto, separando os cultivos da zona sen cultivar, temos unha pequena terraza duns 0,50 m. de outo e que aparenta estar arrasada po-los cultivos.*

*Na parte mais meridional do castro temos outro parapeto defensivo de 1 m. de outo que se extiende de S. a N. E ailla o castro do istmo. e que aparece desmontado polos cultivos.*

*Con las coordenadas UTM X: 563.154 y UTM Y: 4.804.193 se sitúa el yacimiento romano das Ínsuas. Se encuentra visible en el terraplén de la playa das Ínsuas (al S del castro). En este terraplén se observan restos cerámicos romanos (tegula, ímbrice y cerámica).*

*Con las coordenadas UTM X: 562.978 y UTM Y: 4.804.115 se sitúa la isla Carboeira, próxima a la punta. También se han observado restos romanos (tegula, ímbrice y cerámica).*

Recóllese a existencia de cerámica castrexa e común romana e material de construción romano (*imbrex* e *tegulae*) na praia ao sur da punta e na Illa Carboeira.




*Deseño do xacemento que acompaña á Ficha de Inventario do ano 2005 (bis).*

**6.1.1.5. Ficha de Inventario do ano 2007**

Ficha de Inventario redactada polo arqueólogo do Servizo de Arqueoloxía Juan Antonio Cañizo Fraga, en visita de inspección. Transcribimos o contido,

*No se chegou a constatar a aparición de restos arqueolóxicos na superficie nin nos perfiles do cantil anexo á paria da Insua, dado que non puideron ser revisados polo estado da mar e a metereoloxía adversa no día en que foi*

*inspeccionado este lugar.*

*Non obstante, hai que salientar as características do emprazamento, nunha península costeira da que antaño debeu formar parta a Illa Carboeira, e que, polas súas características xeográficas e topográficas, constitúe un bo lugar de asentamento ao abeiro dos ventos do Nordés, e cunha pequena paria ao seu pé, que ben poidera albergar un xacemento romano.*

*Inspeccionado o lugar non se aprecian indicios de estruturas superficiais defensivas, agás o pequeno valado ou parapeto dun metro de altura que, cruzando a punta en dirección Norte-Sur, delimita a unión do istmo coa liña de costa.*

*Por outra banda, ampliáronse as referencias de achados arqueolóxicos facilitadas por varos informantes.*

*En abril de 2005 o arqueólogo D. Antón Fernández Malde atopa materiais arqueolóxicos mobles construtivos de adscrición romana (tegulae, ímbrice e tixolo) neste lugar, dos que dá conta a esta consellería e deposita no Museo Arqueolóxico do Castelo de San Antón, solicitando a catalogación do xacemento.*

*Asemade, o Grupo de Arqueoloxía Terra de Trasancos comunica a referencia dun achado de lápidas funeraria de probable adscrición baixomedieval neste mesmo lugar, descubertas casualmente ao abrir o camiño de aceso á punta Carboeira, cara finais dos anos 70 do século pasado. Actualmente, as lápidas estarían en posesión dos donos da finca do achado. A referencia alude a un antigo mosteiro ou ermida neste lugar.*

*O xacemento arqueolóxico de Punta do Coto-A Insúa atópase perto da igrexa parroquial de Santiago de Boebre, e a unha distancia non demasiado lonxana do Castro de Centroña e a vila romana do Portiño.*

**6.1.1.6. Ficha de Inventario do ano 2019**

Non corresponde a presente, en sentido estrito, a unha Ficha de Inventario segundo o modelo normativo da DXPC, ao tratarse da ficha correspondente aos *traballos de xeolocalización e delimitación dos xacementos arqueolóxicos de Galicia*, elaborada no ano 2019 e redactada polo arqueólogo Enrique Álvarez Veira, recollendo o xacemento coa denominación de Castro das Insuas. Transcribimos deseguido a descrición:

*Situado nunha punta mariña e illote, nun contorno de aproveitamento agrícola e baldío. O castro ten unha forma irregular adaptada á forma da punta. O efecto do embate do mar na punta fai que se produzan constantes desplomes nos cantís, variando así a forma da punta. Posúe unas dimensións de 120 m no eixe L-W por 75 m no eixe N-S. Na parte máis occidental do castro, na punta dos acantilados, hai dúas partes dun segundo recinto moi alterado polos derrubes e que miden uns 20 m cada unha. No centro do recinto, separando os cultivos da zona sen cultivar, hai unha pequena terraza duns 0,5 m de alto que aparenta estar arrasada polos cultivos. Na parte máis meridional do castro hai outro parapeto defensivo de 1 m de alto que se estende de S a N, parcialmente alterado polos cultivos.*

*No ano 2011 leváronse a cabo unha serie de sondaxes que evidenciaron a ocupación do xacemento ao longo de cinco momentos diferenciados que van da Idade do Ferro ata o Medioevo.*

*Asemade, o Grupo de Arqueoloxía Terra de Trasancos comunica a referencia dun achado de lápidas funerarias de probable adscrición baixomedieval neste mesmo lugar, descubertas casualmente ao abrir o camiño de acceso á punta Carboeira, cara finais dos anos 70 do século pasado. Actualmente, as lápidas estarían en posesión dos donos da finca do achado. A referencia alude a un antigo mosteiro ou ermida neste lugar.*

*Tamén existen materiais construtivos de época romana, atopados nun cantil.*

### 6.1.2. Vila romana de Centroña - GA15069009

Describimos este xacemento a partires da información existente nas fichas de inventario da DXPC, datadas nos anos 1984, 1992, 2005 (elaborada en relación á redacción do PXOM de Pontedeume) e 2019; igualmente existe unha ficha do Catálogo do PXOM de Pontedeume en vigor actualmente, que está a reproducir a información xunta na Ficha de Inventario do ano 2005.




*Localización do xacemento. Imaxe tomada do PBA.*

### 6.1.2.1. Ficha de Inventario do ano 1984

A máis antiga das Fichas de Inventario da DXPC relativa a este xacemento, carecemos de datos que permitan a identificación do arqueólogo redactor. Transcribimos deseguido a descrición:

> *Posibel criptoportico, de forma cuadrangular, con pilastras cuadradas na parte que dá ao mar.*
> *Mampostería ordinaria a oso.*
> *Paredes preparadas ao xeito Vitruviano (mármol, cal, area fina con conchas machacadas, ladrillo pulverizado con cal) con frescos de colores rojos, pardo e verde.*
> *Pilastras de xis, con capiteis (pintadas en roxo) e portas con guarnición de estuco blanco.*
> *Mosaico polícromo, e cuberta a base de pizarras.*
> *Apareceu tamén un anaco escultórico do que sería unha gran venera (posibel dunha fonte). Cabe a posibilidade de pensar nun santuario, mais que nunha vila*

**6.1.2.2. Ficha de Inventario do ano 1992**

Redactada polos arqueólogos Manuel Alfonsín Soliño e Vicente Caramés Moreira. Transcribimos deseguido a descrición,

> *O xacemento atópase nunha fosa duns 10 m. de longo por 8m. de ancho froito das excavacións que se levaron a vaco no mesmo a comezos dos anos cincuenta baixo a dirección de José Mª Luengo Martínez.*
> *Hoxe en día pódense ver os muros dunha estancia cuadrangular cortada polo talude do acantilado. Ten unhas dimensións de 5,10m. no muro L., 3,80m. no muro S. E, 1,70 m,., no muro O. Que non parece cortado polo acantilado, senón ben rematado, e que puidera ser a entrada á estancia rectangular. As alturas que conservan os muros varían, indo dos 2,50m. do ángulo SL. ós 60cm, do muro O.*
> *No centro do muro S., empatado no muro e a uha altura de uns 50cm. De alto atopamos un sillar de granito ben labrado, ainda que ten os ángulos redondeados, de forma prismática e cunhas dimensións de 50cm. X 50cm. X 30cm, e que puidera formar parte da galería ou "Criptoporticus" da que fala Luengo.*
> *Os muros son de mampostería de pizarra ben aparellada e as caras interiores parecen estar estucadas ou enlucidas; o ancho dos muros é de 50cm. e presentan numerosos desplomes nas caras internas correndo o risco de que se derrube totalmente.*

**6.1.2.3. Ficha de Inventario do ano 2005**

Elaborada polo arqueólogo Alberte Reboreda, no contexto da redacción do PXOM de Pontedeume, reproduce en boa medida a información xunta na ficha de 1992, pero aporta información sobre a reintepretación realizada por PÉREZ LOSADA (1970). Transcribimos deseguido a descrición,

> *El yacimiento se encuentra en una fosa de unios 10 m de largo por 8 m de ancho, fruto de las excavaciones que se llevaron a cabo en el mismo a principios de los años 50 bajo la dirección de José Mª Luengo Martínez.*
> *Según datos de la ficha de catálogo de patrimonio, en su momento se documentaron los muros de una estancia cuadrangular cortada por un talud del*

*acantilado. Presentaba unas dimensiones de 5,10 m en el muro E, 3,80 m en el muro S y 1,70 m en el muro W, que no parecía cortado por el acantilado, sino bien acabado y que podría ser la entrada a la estancia rectangular. Las alturas que conservaban los muros variaban entre los 2,50 m del ángulo SE a los 60 cm del muro W.*

*En el cetro del muro S, empatado en el muro y a una altura de unos 50 cm de alto, se localizó un sillar de granito bien labrado, con los ángulos redondeados, de forma prismática y con unas dimensiones de 50 X 50 X30 cm y que podría formar parte de la galería criptoporticus de que habla Luengo.*

*Los muros de mampostería de pizarra mostraban un buen aparejo. Las caras interiores parecían estar estucadas o enlucidas. El ancho de los muros sería de 50 cm presentando numerosos desplomes en las caras internas, corriendo el riesgo de que se derrumbasen totalmente.*

*Según la ficha del Museo Arqueológico Provincial de A Coruña, se trataría de un posible criptopórtico, de forma rectangular, con pilastras cuadradas en la parte que mira al mar.*

*La mampostería ordinaria está realizada a hueso.*

*Las paredes estarían preparadas al modo Vitrubiano (mármol molido, cal, arena fina con conchas machacadas y ladrillo pulverizado con cal) con frescos de colores rojo, pardo y verde.*

*Las pilastras serían de esquisto, con capiteles (pintados en rojo) y puertas con guarnición de estuco blanco.*

*Se localizaron restos de un mosaico policromo y cubierta a base de pizarra.*

*Apareció también un fragmento escultórico compuesto por una gran venera. Se apunta la posibilidad de pensar en un santuario, más que en una villa, según dicha ficha.*

*La parte límite con la costa desapareció por desmoronarse el acantilado. Los restos de sta villa romana a la que se refiere M.Luengo y que fueron estudiados por él en 1950, según explica en el fasc. 51, año 1962, de C.E.G., se hallan actualmente protegidos por espesa maleza que los hace inaccesibles.*

*Posiblemente se trate de un excelente ejemplo de villae a mare. Los resultados los describe F. Pérez Losada: "os restos exhumados corresponden a unha gran sala pavimentada con mosaico e coas paredes recubertas de estucos moldurados e pintados, aberta cara a boca da Ría a través dunha presunta*

*sucesión de vans e pilastras alternadas, interpretado como unha galería-corredor...” (LUENGO, 1962; COUCEIRO, 1971; PEREZ LOSADA, 1990).*




*Deseño da villae de Centroña (LUENGO MARTÍNEZ, 1962) e hipotética reconstrución (PÉREZ LOSADA, 1991), en base ás interpretacións de Luengo.*

**6.1.2.4. Ficha de Inventario do ano 2019**

Non corresponde a presente, en sentido estrito, a unha Ficha de Inventario segundo o modelo normativo da DXPC, ao tratarse da ficha correspondente aos *traballos de xeolocalización e delimitación dos xacementos arqueolóxicos de Galicia*, elaborada no ano 2019 e redactada polo arqueólogo Enrique Álvarez Veira, recollendo o xacemento coa denominación de Castro das Insuas. Transcribimos deseguido a descrición:

*O xacemento atópase nunha fosa de uns 10 m de longo por 8 m de ancho, froito das escavacións que se levaron a cabo nel a principios dos anos 50 baixo a dirección de José M. Luengo Martinez. No seu momento documentáronse os muros dunha estancia cuadrangular cortada por un noiro do acantilado. Segundo a ficha do Museo Arqueolóxico Provincial de A Coruña, trataríase dun posible cripto-pórtico, de forma cuadrangular, con pilastras cadradas na parte*

> *que mira ao mar. A cachotería ordinaria estaría realizada a óso. As paredes estarían preparadas ao modo Vitrubiano (mármore moída, cal, area fina con cunchas machucadas e later pulverizado con cal) con frescos de cores vermello, pardo e verde. As pilastras serían de xisto, con capiteis (pintados en vermello) e portas con estuco branco. A parte límite coa costa desapareceu por esmoronarse ao cantil. Os restos desta vila romana á que se refire M. Luengo e que foron estudados por el en 1950, atópanse actualmente protexidos por un espeso mato que os fai inaccesibles. Posiblemente se trate dun excelente exemplo de "vilae a mare" Os resultados os describe F. Pérez Losada: "os restos exhumados corresponden a unha gran sala pavimentada con mosaico e coas paredes recubertas de estucos moldurados e pintados, aberta cara a boca da Ría a través dunha presunta sucesión de vans e pilastras alternadas, interpretado como unha galería corredor…".*

Tal e como pode apreciarse da lectura das diferentes descricións, todas elas aportan unha semellante información, o que resulta lóxico tendo en conta que os restos localízanse baixo unha densa capa de vexetación e que non foron realizados traballos arqueolóxicos desde o ano 1950 (LUENGO MARTÍNEZ, 1962). En todo caso, evidénciase a existencia dunha gran construción, interpretada de uso residencial, combinado coa explotación comercial / industrial que, dada a súa localización, debeu estar en relación ao medio mariño. As características da construción estanos sinalando un forte grao de romanización, todo elo a unha distancia relativamente escasa do Castro de Centroña-Perbes (pouco máis de 1 km en liña recta), se ben dado o descoñecemento da cronoloxía do castro, ao que unicamente podemos extrapolar os datos coñecidos doutros semellantes, non nos permite determinar si presentan ocupacións simultáneas, aínda que todo sinala a que esta simultaneidade no tería lugar, ou de tela, correspondería á fase final do asentamento castrexo.

# 7. A ACTIVIDADE PESQUEIRA NO CASTRO DE CENTROÑA-PERBES

Tal e como tense sinalado no capítulo 2 deste documento, o Castro de Centroña-Perbes non está localizado na liña de costa, pero iso non resulta un impedimento para consideralo un castro costeiro, na mesma medida que como tal considéranse os castros de Elviña (A Coruña) ou Tralocastro (Ferrol), por citar algúns exemplos de xacementos que, con estar afastados da costa, poden considerarse como tales en base a súa proximidade ao mar que, no noso castro, resulta distar 1378 m (medidos en liña recta).

Sitúase, polo tanto, próximo a unha costa que, pese a presentar cantís e rochedos, non está exenta de praias e calas, tal é o caso da Praia de Ber e a de Centroña, entre outras próximas, e nunha zona, o Golfo Ártabro, no que o mar resulta, cando menos comparativamente con outros treitos do Atlántico, relativamente calmo.

Estas condicións de proximidade do mar e de existencia de bos puntos de desembarco resulta de especial interese nunha costa como a do Golfo Ártabro, integrada no comercio marítimo a longa distancia, ben de forma máis ou menos directa, en dirección ao norte; ben con presencia de intermediarios, no caso do comercio co mundo Mediterráneo, no que Gades actuaría como punto de conexión e intercambio.

Establecido, por proceso de lóxica e racionalidade, que o mar vai constituír parte do *hinterland* do Castro de Centroña-Perbes, queda por definir o ámbito da dita explotación: pesqueira, comercial,... A resposta a esta pregunta está moi condicionada pola non realización de intervencións arqueolóxicas no xacemento, todo elo lévanos a substituír a evidencia arqueolóxica pola lóxica e o sentido común, o rexistro arqueolóxico pola hipótese e o coñecemento certo pola extrapolación dos datos existentes para outros xacementos semellantes, coas lóxicas dificultades á hora de definir o termo "semellantes", ante a ausencia das xa nomeadas intervencións arqueolóxicas que puideran darnos un correcto encadre cronolóxico e concretar unha determinada fase no amplo abano temporal do "mundo castrexo".

Recorrendo como queda dito nas liñas anteriores, ao sentido común e a lóxica (con todos os riscos de caer no "presentismo" que isto implica) para a extrapolación dos datos doutros xacementos, debemos supoñer que a explotación do recurso mariño debeu realizarse de forma integral, isto é, no terreo do comercio e da pesca, tendo en conta que a actividade pesqueira, ou mellor dito, de transformación da pesca, están, cando menos no mundo romano, fortemente vinculados (exportación de salazóns, importación de sal,...) ao mundo do comercio.

## 7.1 A ACTIVIDADE PESQUEIRA NO MUNDO CASTREXO

O mundo castrexo é, comparativamente coas sociedades prehistóricas anteriores, o momento no que o aproveitamento do medio mariño vai a comezar a acadar unha explotación máis intensa, na súa dobre faceta de pescar e mariscar, como queda patente pola presencia de restos de peixe e mariscos en zonas illadas dos poboados, pero tamén de forma masiva nos cuncheiros, con presencia non unicamente nos castros costeiros (na clásica definición de castros na liña da costa), senón tamén en castros do interior, mesmo a distancias que superan os cinco km desta. Novamente, debemos definir en que período o momento do mundo castrexo situamos o noso relato, en tanto que se ben en moitas ocasións o mundo dos castros é representado como un todo homoxéneo no espazo e no tempo, a realidade resulta complexa coa presencia de diversas etapas. Neste sentido, non resulta comparable un asentamento castrexo dos séculos VIII-VII aC con unha citania do século I dC, integrada no mundo galaico-romano.

### 7.1.1. A explotación do mar no inicio do mundo castrexo

Para a explotación do medio mariño no inicio do mundo castrexo, podemos recorrer ao rexistro arqueolóxico do Castro de O Neixón, no Concello de Boiro, con presencia de materiais que o vinculan coa Idade do Bronce. Neste período son destacables, que non exclusivos en tanto en momentos posteriores do mundo castrexo tamén están documentados, os cuncheiros; depósitos amalgamados formados por lixo de cociña (entre os que se atopan restos cerámicos), osos e dentes de animais domésticos e nos que a presencia de cunchas resulta notoria, cuantitativamente e, tamén, desde o punto de vista da súa moi doada identificación visual (fronte á máis complicada doutros materiais). Entre os materiais mariños neles representados, destacan crustáceos, moluscos, bivalvos e gasterópodos, xunto espiñas de peixes e pugas de ourizos. Con todo a presencia destes "produtos do mar", a súa presencia cuantitativa resulta menor respecto dos animais terrestres, o que leva a deducir que o mar tiña un papel secundario na alimentacións destas primeiras comunidades castrexas.

Tamén no mesmo Concello de Boiro, no Achadizo (Cabo Cruz), foi documentada a explotación de recursos mariños de rocha (lapas, mexillóns, ostras e caramuxos), xunto a peixes como o pargo, dourada, faneca e maragota, todos elas especies propias de costas rochosas, xunto a outras peláxicas, como o xurelo e a xarda. Trátase polo tanto de especies que puideron tomarse con técnicas sinxelas en hábitat costeiros, próximos ao asentamento.

### 7.1.2. A explotación do mar na plenitude do mundo castrexo

A explotación do medio mariño nesta fase podémola exemplificar en xacementos como o de Borneiro, distante máis dun km da costa, no Concello de Cabana de Bergantiños; o Castro de Baroña en Porto do Son, este si situado na liña costeira ou o gran depósito estratigráfico de A Lanzada.

Entre as especies representadas cóntanse as lapas, mexillóns, ameixas, berberechos e caramuxos; entre os peixes como no período anterior, as fanecas, douradas e polo xeral especias costeiras que poden ser pescadas desde a liña de costa, co emprego de anzois, ou con pequenas embarcacións, igualmente que na costa, co emprego de anzois e redes.

### 7.1.3. A explotación do mar no mundo galaico-romano

A explotación do medio mariño acada neste momento un punto álxido. Temos noticias desta explotación tanto na *Chorographia* de Estrabón, na que descríbense as embarcacións empregadas no Noroeste (particularmente entre os ártabros) no momento inmediato anterior á conquista e o poema do xénero das *laudes* dedicado por Marcial á variedade e calidade dos peixes e mariscos do Océano Galaico, citándose as ostras e os muxes pola súa sobresaínte calidade.

Neste momento do mundo galaico-romano, os asentamentos adoptan diversas tipoloxías, desde grandes castros, tales como o de Santa Tegra e o Castro de Vigo, ocupados ata o século II dC, vilas que denotan un alto grao de romanización, tal é o caso da de Noville (Mugardos) e posiblemente a de Centroña (Pontedeume), pequenos asentamentos como o da Lanzada (Sanxenxo) e pequenos núcleos urbanos (tal e o caso da Coruña); finalmente, non podemos esquecer o xurdimento, neste período, de grandes factorías de salga, xeneralizadas en toda a costa galega, posiblemente relacionadas con esta actividade estarían as nomeadas *villae* de Noville (Mugardos), Centroña (Pontedrume) ou a de Cariño (Ferrol), por citar tres situadas no Golfo Ártabro.

A difusión dos produtos derivados da pesca acada neste período unha gran importancia, integrándose o comercio da salga e o g*arum* nas grandes rutas de intercambio, pero non unicamente por vía marítima, senón que o comercio de produtos derivados do mar chega a lugares afastados do interior. É o caso da Cidade de Lugo, na que aparecen cunchas illadas e concheiros puntuais con presencia de ostras, entre outros mariscos, cunhas cronoloxías entre o século IdC e o século IV dC. Tamén está presente en *villae* como a de Porta de Arcos (Concello de Rodeiro), na que foron documentadas cunchas de ostra, a unha distancia de máis de 65 km da costa (medida tomada en liña recta) ou o Castro de San Cibrán de Las, no Concello de San Amaro (Ourense).

As especies obxecto da actividade pesqueira neste período denotan o emprego de embarcacións de maior porte, a fin de pescar con redes de tamaño mediano, estendéndose a actividade extractiva non unicamente en superficie, senón tamén en profundidade, pasando dunha pesca en augas pouco

profundas nas proximidades dos asentamentos a unha actividade que implica unha maior distancia da costa e, polo tanto, uns medios técnicos máis complexos para a captura de especies gregarias e peláxicas en mar aberto, con emprego de redes que puideron corresponder á práctica de técnicas de arrastre ou de cerco.

### 7.2 A ACTIVIDADE PESQUEIRA NO CASTRO DE CENTROÑA-PERBES

Tal e como foi sinalado na introdución deste capítulo, así como no conxunto do documento, a ausencia de intervencións arqueolóxicas nos priva de calquera información que non sexa, e aínda así con limitacións, a derivada da morfoloxía do sistema defensivo. Neste sentido, carecemos de cultura material, de datacións, de mostras de sedimentos ou de sementes,... isto é, todo aquelo que pode contribuír a establecer unha cronoloxía, un marco evolutivo e unha descrición da forma de vida dos seus habitantes.

Con carácter xeral dátase o xacemento no século IV aC, pero as súas monumentais defensas ben poderían corresponder ao período galaico-romano, polo que podemos supoñer unha ampla cronoloxía temporal.

En relación á explotación do medio mariño, logo do exposto para o conxunto do mundo castrexo, loxicamente, *a priori* podemos extrapolalo ao Castro de Centroña-Perbes. Neste sentido, semella fora de toda dúbida razoable a consideración deste xacemento como un castro costeiro, dada a escasa distancia que o separa da costa, con bos puntos de embarque, nas praias próximas, en especial na de Ber e na de Centroña, existindo outras varias máis lonxe, entre elas a do Castro de Insua.

A zona de costa na que se sitúa o xacemento, o Golfo Ártabro, ofrece unhas inmellorables condicións para a explotación do mar, co presencia de costas con cantís e rochas, favorables para a práctica do marisqueo e para a pesca de baixura, ao tempo que as praias situadas ao fondo das rías ofrecen boas condicións para o marisqueo en terra firme. O conxunto das rías de Ferrol, Ares, Betanzos e A Coruña están a ofrecer zonas abrigadas e, ao tempo, con calado suficiente para os bancos das especies peláxicas, nunhas condicións relativamente protexidas respecto ao mar aberto. Tampouco podemos esquecer as moi boas condicións portuarias que durante a época romana (non esquezamos que o castro posiblemente perdure en época galaico-romana) deron lugar a un activo comercio baseado na salga e na transformación pesqueira.

Na liña do exposto, podemos supoñer unha actividade pesqueira cunha evolución semellante á do conxunto do mundo castrexo. Primeiramente, durante a fase prerromana, explotación do marisqueo coa recollida de lapas, mexillóns, ameixas, berberechos e caramuxos; entre os peixes, as as fanecas e as douradas, que habitan na costa, en especial nas zonas rochosas, que poden ser

pescadas desde a liña de costa, co emprego de anzois, ou con pequenas embarcacións, igualmente que na costa, co emprego de anzois e redes.

Durante o período galaico-romano, a pesca no mundo castrexo vai progresivamente a realizar capturas máis distantes da costa, aínda que non sería unha pesca de altura e, comparativamente con estándares posteriores, poderían cualificarse de costeira, se ben ampliaríanse as especies pescadas coa inclusión de especias gregarias e peláxicas en mar aberto, con emprego de redes que puideron corresponder á práctica de técnicas de arrastre ou de cerco.

# 8. O FOLKORE NO CASTRO DE CENTROÑA-PERBES

Os castros, como outros restos do pasado (tal é o caso dos túmulos ou os petróglifos, por nomear os casos máis coñecidos), son elementos fortemente destacados na paisaxe, que forman parte do medio natural no que tiña lugar a vida das sociedades labregas tradicionais. Estes elementos, claramente destacados, eran, como na actualidade, obxecto de recoñecemento por parte dos poboadores, que os entendían como restos dunha sociedade diferente a aquela á que eles pertencían, denominando a esas sociedade anteriores como "romanos", "vikingos" ou, máis comunmente, "mouros", que con estes nomes eran coñecidos en Galicia os poboadores desas realidades do pasado que eran entendidas como diferentes á sociedade tradicional labrega.

Os habitantes das diferentes épocas sentiron, de sempre, a necesidade de explicar a orixe e o significado dos elementos destacados do mundo que eles habitaban e, nese mundo, os vestixios das civilizacións pasadas, tan destacadas na paisaxe e recoñecidos como alleo á sociedade tradicional, precisaban dunha explicación, que veu dada polo pensamento mítico.

En relación ao Castro de Centroña-Perbes, coas súas impoñentes fortificacións, e a súa gran visibilidade desde amplas zonas da comarca, e mesmo desde o mar, foi obxecto de lendas, "contos" e construcións míticas ao obxecto de explicar esa realidade física tan notoriamente diferente á realidade labrega tradicional.

Lamentablemente, a progresiva perda da cultura oral tradicional, a extensión dos usos e valores urbanos e a perda de importancia do agro, co seu progresivo abandono, levou a un desvinculación entre a poboación e o medio natural, no que o patrimonio arqueolóxico resulta un elemento integrante da paisaxe. Todo elo levou a unha perda do "saber tradicional" que deixouse de transmitir ás xeracións novas, dando como resultado a perda dos relatos tradicionais dos que na actualidade sobrevive unha pequena parte, en boa medida polos esforzos das asociacións locais; que no caso do nosos castro é a xa nomeada Asociación cultural Ardobriga.

### 8.1. O folkore relacionado co Castro de Centroña-Perbes.

Como noutros aspectos do presente estudo, imos basearnos no moi completo estudo monográfico de PREGO FERNÁNDEZ e INFANTE LÓPEZ (Cátedra, 2020), que recollen os seguintes relatos,

> *- Un informante [Gonzalo Carpente, veciño do lugar dos Castros, Castrelo (Centroña, Pontedeume)] da próxima aldea de Castrelo pon en boca da súa bisavoa a descrición dun antigo e cruento ritual celebrado no castro en tempos remotos. O testemuño fala da suposta existencia dun fito de pedra no centro da croa en torno do cal poñerían deitados os nenos nacidos con eivas, (...). As nais bailarían nunha especie de transo místico arredor da pedra e sobre dos nenos.*

*Aquel que sobrevivise ao ritual sería tratado en diante como un ser especial.*

*- A lenda do túnel que uniría a furna do Tambou, preto da paria de Ber coa capela de Sn Miguel de Breamo pasando por debaixo do castro [PREGO FERNÁNDEZ, 2016].*

*- A lenda das doncelas transparentes, que se desenvolve nunha antiga e desaparecida cidade na desembocadura do Eume, adoita situarse neste castro, que Jean Markale identifica coa cidade de Ardóbriga [MARKA,E, J. 1998].*

*- Un dato etnográfico que reflicte a asunción identitaria do castro polos núcleos que se formaron tras o eu abandono habitacional (...) [relato de Virtudes Fachal, veciña de Ombre (Pontedeume).*

> *Dixéronlle os mouros a unha señora que fose todos os días a dar sete voltas ao marco [na croa do castro existen tres marcos que sinalan o deslinde entre a Parroquia de Centroña (Pontedeume) e a Parroquia de Perbes (Miño)] e así atoparía un peso cada día, pero non podía dicirllo a ninguén pois se así o facía non vería un peso nunca máis. A señora facía o ritual todos os días e sempre atopaba o peso, até que un día no que lavando no lavadoiro comunal enfadouse cunha veciña e para anoxala contou o do peso. Despois disto nunca atopu a moeda no marco nin cerca del.*

## 9. BIBLIOGRAFÍA

Xuntamos deseguido a bibliografía consultada para a realización do presente estudo.

ALONSO BRAÑA, , J.J. 2008. Memoria Técnica da prospección arqueolóxica a estrada CP-4803. Tramos Perbes- Boebre- Centroña (Miño, A Coruña). Inédita, depositada na DXPC.

ÁVAREZ VEIRA, E.I. 2019. Traballos de xeolocalización e delimitación dos xacementos arqueolóxicos de Galicia: Lote 06. Inédita, depositada da DXPC.

BRAÑAS ABAD, R. 2000. Deuses, heroes e lugares sagrados.

CASTILLO LÓPEZ (DEL), A. 1972. Inventario de la riqueza artística y documental de Galicia.

Couceiro freijomil, a. 1971. Historia de puentedeume y su comarca.

FERNÁNDEZ CASANOVA, C. (Coord.). 1998. Historia da Pesca en Galicia.

GARCÍA QUINTELA, M.V. 2002. La organización social y política d los galaico-lusitanos.

GONZÁLEZ RUIBAL, A. Galaigos. Poxder y comunidad en el Noroeste de la Península Ibérica (1200 aC-50 dC), Tomo II.

LADRA FERNÁNDEZ, l. 2020. Os Torques Ártabros. ArqueoLoxía e contextos para o ouro galaico.

LUENGO MARTÍNEZ, J.M. 1962. "Excavaciones en la villa romana de Centroña-Puentedeume". *CEG*.,nº 17.

MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO. 1987. Toponimia del concejo de Pontedeume y cartas reales de su puebla y alfoz.

MURGUÍA, M. 1912. *Boletín da RAG, nº 12*

MONTEAGUDO, L. 1952. "Torques castreños de alambres enrollados". *Archivo Español de Arqueología.*

*PÉREZ LOSADA, F. 1990. "*A villa romana de Noville (Mugardos, A Coruña): estructuras e estratigrafía arqueolóxicas (campañas 1988 e 1989)". *Castrelos; revista do Museo Municipal "Quiñones de León"*

*2002. "*Entre a Cidade e a Aldea: estudo arqueohistórico dos "aglomerados

secundarios" romanos en Galicia". *Brigantium: boletín do Museo Arqueolóxico e Histórico de A Coruña.*

PREGO FERNÁNDEZ, M.V. 2016. *O santuario de Breamo. Retrato dunha montaña sagrada*. Revista Cátedra, nº 23.

PREGO FERNÁNDEZ e INFANTE LÓPEZ. 2014. "1912. Achado arqueolóxico en Pontedeume. O Torques de Centroña cen anos despois2". *Revista Cátedra de estudos Eumeses*, nº 3.

2020. "O Castro de Centroña / Perbes. Actualidade e futuro". *Catedra. Revista de Estudios Eumeses.*

RAMIL GLEZ., E. 2003. Memoria Técnica do control arqueolóxico das obras dunha vivenda unifamiliar no lugar de Sambollo (Miño). Inédita, depositada na DXPC.

REY CASTIÑEIRAS, J. "Estudio y catalogación de los castros de la provincia de La Coruña". *Gallaecia*, nº 7/8.

ROMERO MASIA. A.M. "Asentamento castrexos costeiros no Norte de Galicia", *Gallaecia*, nº 6.

1976. El hábitat castreño.

ROMERO MASIA et POSSE MESURA. 1988. Galicia en los textos clásicos.

SUÁREZ PIÑEIRO, A.M. 2003. "La expoltación del mar en la Galicia romana: el ejemplo de las instalaciones de salazón". *CEG*, Tomo L, fascículo 116.

VÁZQUEZ VARELA, J.M. et GARCÍA QUINTELA, M.V. 1998. A visda cotiá na Galicia Castrexa.

VV.AA. Fichas de Inventario da DXPC. Inéditas, depositadas na DXPC.